Colide a acción propagandística do Goberno do Partido Popular e as súas actuacións antisociais, caóticas, precipitadas e contraditorias (como o recente e frustrado intento de localizar en Xove unha batea de reinstalación de marisco procedente de zonas C) coa desidia e abandono á hora de enfrontar de raíz o auténtico problema que provoca afección sobre os bancos marisqueiros e a actividade laboral que xera: a falta de depuración e saneamento, especialmente escandalosa na ría de Ferrol.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


1.^a) Cales son os motivos das continuas demoras na construción e entrada en funcionamento da estación depuradora de augas residuais na marxe sur da ría de Ferrol?

2.^a) Cando entrará plenamente en funcionamento?

3.^a) De que xeito, e en que prazos, se garantirán as obras de servizo e conexión da rede de saneamento dos concellos de Ares, Mugardos e Fene á nova estación depuradora?

4.^a) É consciente do impacto que este feito produce na actividade marisqueira da ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2011 09:30
Nº Rexistro: 68789
Data envío: 10/08/2011 14:22:19.449

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 10/08/2011 14:19:45

Ana Luisa Bouza Santiago na data 10/08/2011 14:19:50

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Paula Prado del Río e Marta Rodríguez Arias, deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Durante o primeiro semestre deste ano presentáronse por parte dos Xulgados un total de 637 casos de violencia de xénero, onde se ditaron medidas de protección que engloban: medidas cautelares, ordes de protección e ordes de alonxamento -frente aos 955 casos do ano 2009-. Pese a todo e un número realmente significativo, aínda que supón unha redución dos casos en mais de un 33%, o que evidencia a boa dirección das políticas levadas a cabo dende a Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero.

Estes datos foron presentados pola Secretaria Xeral da Igualdade, D^a Marta González, diante dos medios de comunicación o pasado día 2 de Agosto destacando que estes son aportados polos xulgados durante os primeiros seis meses do ano 2011 a Xunta de Galicia, para que dende a Secretaria Xeral del Igualdade, e tendo a vítima concedido o estatuto de protección integral, se fagan efectivos os dereitos que lles asisten como mulleres vítimas de violencia de xénero.

Por todo isto, dende o Grupo Parlamentario Popular formulamos as seguintes cuestións:

1.- Cal é o procedemento a seguir pola Secretaría Xeral da Igualdade cando se ten coñecemento dun caso de violencia de xénero?.

2.- A que tipo de axudas pode optar unha muller vítima de violencia de xénero?.

3.- Que tipo de medidas está a levar a cabo a Secretaría Xeral da Igualdade para evitar que aumente o número de maltratadores?.

4.- Cales son os programas aos que ten acceso as mulleres que son vítimas de violencia de xénero?.

5.- A que tipo de axudas pode optar unha muller que se ve sometida a este tipo de agresións?.

6.- No caso de dificultades para o acceso ao emprego, ¿Tense contemplado algún tipo de axudas específicas para estes casos?.


Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 11/08/2011 11:47:50

Paula Prado del Rio na data 11/08/2011 11:47:59

Marta Rodríguez Arias na data 11/08/2011 11:48:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2011 13:25
Nº Rexistro: 68799
Data envío: 11/08/2011 13:25:21.587


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns da práctica desaparición do polbo do litoral galego e as medidas que se adoptarán por ese motivo.

Aproximadamente 1.400 embarcacións pesqueiras de baixura dispoñen no seu permiso de explotación (permex) de autorización para a arte da nasa do polbo. A captura desta especie representou historicamente un elemento esencial para a pervivencia e desenvolvemento deste segmento de frota, ademais de posibilitar milleiros de postos de traballo directos e inducidos en todo o litoral galego.

Acontece, porén, que no verán de 2011, após a veda do polbo (que non paro subsidiado) decretado pola Consellaría do Mar, esta especie ten practicamente desaparecido da costa galega. Numerosas embarcacións de baixura, tras largar centos de nasas, teñen capturado, se cadra, un único polbo. Tamén as lonxas rexistran mínimos históricos. Neste contexto, a pesca desta especie faise economicamente inviábel.

Sumémoslle a este feito gravísimo as restricións nas cotas de pesca no noso litoral impostas inxusta e acientíficamente pola Unión Europea, que limitan a captura de pescada ou xarda, e concluírase que unha parte moi importante da frota galega de baixura se encontra nunha situación extrema, que ameaza mesmo a súa viabilidade futura.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Evidentemente non é allea a situación do polbo ás medidas técnicas decretadas pola Consellaría do Mar en relación con esta especie. Non ter en conta o comportamento biolóxico do polbo, ou as súas épocas reprodutivas e de recrutamento, conducen claramente á situación descrita.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Que información posúe a Consellaría do Mar sobre a situación do polbo na Galiza?

2.^a) Cal é o seu impacto socioeconómico na frota de baixura?

3.^a) Que medidas se adoptarán para a súa recuperación biolóxica?


4.^a) Como avalía a Consellaría do Mar o resultado práctico das medidas técnicas e vedas adoptadas nos últimos dous anos?

5.^a) A que se debe o fracaso das mesmas?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2011 13:25
Nº Rexistro: 68799

Data envío: 11/08/2011 13:25:21.587

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/08/2011 13:23:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2011 13:34
Nº Rexistro: 68800
Data envío: 11/08/2011 13:34:54.263

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao grave problema que padece Galiza na contaminación do seu litoral e as medidas que se adoptarán para resolvelo.

O luns 8 de agosto o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicaba no Boletín Oficial do Estado a Orde ARM/2243/2011, de 22 de xullo, pola que se fan públicas as novas relacións de zonas de produción de moluscos e outros invertebrados mariños no litoral do Estado español. Comunidade autónoma por comunidade autónoma.

Os datos son estarrecedores. Galiza posúe o 84% das zonas C ou directamente pechadas para a actividade marisqueira de todo o Estado español. Tan só o 7'5% das zonas A, e o 37% das zonas B. Quere isto dicir que, con moita diferenza, e malia á inxente e incomparábel capacidade produtiva da nosa costa, Galiza é o territorio do Estado español cunha peor calidade das súas augas. Velaí a irresponsabilidade do Goberno galego.

Cumpre remarcar, de calquera xeito, a máxima calidade do marisco galego que chega ao mercado para o seu consumo, con independencia da zona de procedencia, pois está comercialmente depurado e posúe todas as garantías de control. Con todo, é alarmante que a falta de depuración e saneamento nas rías, derivada dunha irresponsabilidade institucional terrorífica provoque a existencia dunha importante



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2011 13:34
Nº Rexistro: 68800
Data envío: 11/08/2011 13:34:54.263

extensión de bancos marisqueiros actualmente improditivos, perda de emprego directo e inducido e empobrecemento xeral do noso litoral.

É posíbel unha outra política. Casos como o de Cataluña, no que o marisqueo posúe unha importancia residual en relación con Galiza, corroboran esta alternativa. Nese país o 85% do seu litoral é zona A, tan só o 15% é zona B, e non padece ningunha zona C. As Illes Balears, Murcia ou Asturias tampouco teñen zonas C.


Porén, a alternativa do goberno do Partido Popular na Galiza é outra. Propaganda, compromisos incumpridos en materia de depuración e saneamento, retrasos e demoras nas obras de infraestruturas, eliminación de convenios coas confrarías que manteñen zonas C e, por último, un envurullado, precipitado, unilateral e caótico plano de reinstalación sen consenso co sector afectado, sen previsións sobre a súa efectividade, e con localización aínda por determinar.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Que avaliación realiza a Consellaría do Mar sobre a calidade das augas do litoral galego en relación co resto do Estado español?

2.^a) Cales son os motivos desta situación?

3.^a) De quen é a responsabilidade política?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.^a) Que medidas concretas se adoptarán, en que prazos, e en que lugares concretos, para erradicar as zonas C?

5.^a) Ten previsto restituír os convenios coas confrarías afectadas por zonas C que sí o solicitaren?

6.^a) Onde se vai localizar a batea de reinstalación de moluscos procedentes de zona C?

7.^a) Vanse consultar e negociar estas medidas coas entidades do sector afectado?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/08/2011 13:30:42

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Isabel García Pacín e Emma Álvarez Chao, deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Os viños amparados nas cinco D.O. de Galicia son unha das principais fontes de riqueza de moitas comarcas rurais galegas e o seu merecido prestixio nos mercados internacionais contribúe á boa imaxe do noso territorio polo mundo. Soamente a Denominación de Orixe Rías Baixas, afecta a mais de 6.000 persoas que viven directa ou indirectamente deste produto.

Neste ano 2011, viticultores das Rías Baixas foron sancionados pola Consellería do Medio Rural por sobrepasamento de produción de uva e recentemente comunicáronse o inicio de novos procedementos pola colleita 2010.

Á vista do anterior realizamos as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a orixe destes procedementos sancionadores e a cantos viticultores afectou?.
- 2.- Hai mais procedementos abertos pola mesma causa nesta ou en outras D.O. de Galicia?.
- 3.- Que valoración fai a Consellería destes feitos?.
- 4.- Que medidas deberían tomarse de cara ao futuro?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2011




Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 17/08/2011 12:04:37

Maria Isabel García Pacín na data 17/08/2011 12:04:44

Maria Emma Álvarez Chao na data 17/08/2011 12:04:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2011 13:39
Nº Rexistro: 68816
Data envío: 18/08/2011 13:39:54.782

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez e Ana Luisa Bouza Santiago, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á decisión de suprimir a quenda de noite no servizo de ambulancia asistencial do concello de Marín.

A Consellaría de Sanidade anunciou a eliminación, a partires do vindeiro 10 de setembro, do servizo de ambulancia asistencial no horario nocturno (de 20.00 a 8.00 horas) no concello de Marín.

Esta medida, adoptada polo Goberno do Partido Popular, supón unha precarización do servizo público sanitario e uns riscos para a saúde que son absolutamente inasumíbeis.

Non se coñecen os criterios, estudos ou avaliacións que fundamentan a decisión tomada. Unicamente os vinculados ao aforro económico, con independencia das consecuencias gravísimas que esta medida poida ocasionar sobre a vida e a saúde da poboación marinense.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2011 13:39
Nº Rexistro: 68816
Data envío: 18/08/2011 13:39:54.782

1.^a) Que motivos levaron á Consellaría de Sanidade e ao 061 a pretender eliminar o servizo de ambulancia asistencial en horario nocturno ao concello de Marín?

2.^a) Que datos, estudos, informacións ou avaliacións tomou en conta a Consellaría de Sanidade para adoptar esta decisión?

3.^a) Cantos servizos nocturnos se efectuaron no pasado ano 2010 e no que vai de 2011?

4.^a) É consciente a Consellaría de Sanidade do gravísimo impacto desta decisión?

5.^a) Ten previsto, en consecuencia, manter o servizo de ambulancias, tamén en horario nocturno?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2011.


Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/08/2011 13:36:25



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2011 13:39
Nº Rexistro: 68816

Data envío: 18/08/2011 13:39:54.782

Ana Luisa Bouza Santiago na data 18/08/2011 13:36:29



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajede Hervés e Silvia Fraga Santos, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Os Centros de Información á Muller (CIM) prestan dende hai anos un importante servizo de apoio ás mulleres galegas, que abarca dende o apoio para fomentar a participación do sector feminino no tecido social, político e económico ata a atención ás vítimas da violencia machista; as e os profesionais dos CIM son especialistas en axudar ás mulleres que están a ser maltratadas, tanto na resolución de cuestións legais como no asesoramento psicolóxico, sanitario e social.

A correcta prestación destes servizos depende da colaboración da Xunta cos concellos Galegos, que precisan das achegas do Goberno autonómico para manter ó equipo de traballadores e traballadoras e prestar a axuda que reciben ás mulleres nos CIM.

A chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia traducíuse, dende o comezo da actual lexislatura, nunha redución constante dos investimentos dedicados á loita pola igualdade real entre mulleres e homes, base fundamental para acadar unha sociedade máis equilibrada e máis xusta que a actual. Tras a supresión do Servizo Galego de Igualdade, iniciouse no ano 2010 a actual fase de recorte de achegas ós CIM que non sabemos ata onde pode chegar. A Xunta fixo pública unha orde que resultou moi prexudicial para as administracións locais, xa que afectou ós equipos que prestan nestes servizos. Tratouse dunha medida unilateral que repercutiu negativamente no persoal que non era dos concellos e, por tanto, no funcionamento dos centros.

Informacións publicadas recentemente pola prensa alertan de que os recortes continúan este ano e afectan á CIM ós que, nalgúns casos, recorren milleiros de mulleres ó ano. A supervivencia destes centros depende, na maioría dos casos, das achegas da Xunta de Galicia. Con todo, dada a importancia deste servizo, hai concellos que xa anunciaron que manterán o



Grupo Parlamentario

servizo dada a súa importancia, independentemente de que o Goberno galego manteña ou non a súa colaboración con eles e facendo un importante esforzo financeiro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista entende que os CIM non poden ser obxecto de ningunha medida de aforro, por tratarse de un servizo absolutamente imprescindible mentres a muller siga a ser vítima da violencia machista ou de calquera tipo de discriminación, como ocorre na actualidade.

Polo exposto, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cales son os CIMs que están funcionando neste momento en cada unha das catro provincias galegas?
- 2.^a) Con que profesionais conta cada un dos CIMs que están en funcionamento? Especificando número, tipo de profesionais e horas de dedicación de cada un/unha.?
- 3.^a) Cales son os concellos galegos que reciben axuda da Xunta de Galicia para o funcionamento dos CIMs? Especificando cantidade por programa e por anualidades 2007, 2008, 2009, 2010, 2011.
- 4.^a) Cantos e cales CIMs funcionan de xeito comarcalizado, agrupación de concellos, etc.?
- 5.^a) Ten coñecemento a Xunta de Galicia dalgún CIM que deixara de funcionar ou estea abocado a facelo por falta de recursos no último ano?
- 6.^a) De ser así, considera o Goberno galego que o peche (ou posible peche) está motivado polos recortes da Xunta de Galicia?
- 7.^a) Cómo está a afectar ó funcionamento dos CIMs a convocatoria de axudas da Xunta de Galicia do ano 2010? Candos, cales e en que medida se viron obrigados a reducir persoal?



Grupo Parlamentario

8.^a) Cal é a previsión que ten o Goberno galego ó respecto do funcionamento dos CIMs no futuro?

9.^a) Cal é o equipo mínimo de profesionais que debe de ter un CIM para garantir o servizo para o que foi creado?

10.^a) Cales son os CIMs que contan con ese equipo mínimo de profesionais e cales non?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 17/08/2011 13:10:57

Silvia Belen Fraga Santos na data 17/08/2011 13:11:02



Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajede Hervés, Carmen Acuña do Campo e Silvia Fraga Santos, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, consagra a obriga dos poderes públicos de promoveren as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións nas que se integra sexan reais e efectivas.

A “Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, de igualdad efectiva entre mujeres y hombres”, establece a prevención de condutas discriminatorias por razón de xénero en todos os ámbitos sociais e insta a todas as Administracións públicas a colaborar na integración do dereito de igualdade no exercicio das súas competencias.

No que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que lles corresponde aos poderes públicos galegos promoveren as condicións para que a liberdade e igualdade das persoas e grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa participación na vida política, económica, cultural e social.

A Lei de bases de réxime local atribúelles aos concellos a función de realizaren actividades e prestaren servizos que contribúan a satisfacer as demandas e as necesidades da cidadanía, incluíndo a promoción da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes dos seus municipios.

Sen embargo, a pesares de que van alá máis de 3 décadas da aprobación da Constitución Española e de ter moito lexislado e regulado a nivel estatal, autonómico e local, no mes de xuño tivemos coñecemento da celebración en Sanxenxo del 16º Torneo Concello de Sanxenxo Absoluto & Veteranos Junior, que organiza o Círculo Cultural Deportivo Sanxenxo, con grandes diferenzas entre a contía dos premios masculinos e femininos, sendo a destes últimos máis de catro veces inferior á dos masculinos. Máis recentemente o Concello de A Estrada deu a coñecer os premios da primeira edición do Memorial Manuel Bergueiro. Este memorial de atletismo, que se levará a cabo o próximo día 4 de setembro na Estrada,



Grupo Parlamentario

contempla premios para a categoría absoluta feminina de 100, 50 y 25 euros, cando na categoría masculina son de 300, 200 e 100 euros para os tres primeiros clasificados.

Tendo en conta estas reiteradas prácticas discriminatorias, o Grupo Parlamentario Socialista considera fundamental a intervención da Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, para poñer freo a este tipo de actividades, que ademais de discriminar as participantes femininas, contribúe a asentir na sociedade a idea de inferioridade da muller no deporte.

Polo exposto, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cales son os instrumentos cos que conta a Xunta de Galicia para detectar e modificar actividades discriminatorias?
- 2.^a) Ten coñecemento a Xunta de Galicia das actividades discriminatorias ás que facemos referencia na parte expositiva?
- 3.^a) Conta a Xunta de Galicia con información sobre actividades discriminatorias que se realizan na nosa Comunidade Autónoma? De ser así, cantas e cales son?
- 4.^a) Nalgún momento a Xunta de Galicia interveu para modificar programacións de actividades discriminatorias?
- 5.^a) Que pensa facer a Xunta de Galicia para evitar as reiteradas discriminacións que se veñen sucedendo na organización de eventos deportivos, como as contempladas no Regulamento dos premios da primeira edición do Memorial Manuel Bergueiro, organizado polo Concello de A Estrada?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2011
Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Carmen Acuña do Campo
Silvia Fraga Santos
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 19/08/2011 9:40:59

María del Carmen Acuña do Campo na data 19/08/2011 9:41:03

Silvia Belen Fraga Santos na data 19/08/2011 9:41:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

A Xunta de Galicia vén de ditar unha resolución pola que declara deserto o concurso para adxudicar o contrato de servizos para a “elaboración do Proxecto de lei de creación do Ente Público Ferroviario de Galicia”.

Outra “chapuza” máis das moitas que parten deste Goberno desnortado, que leva nesta como noutras moitas cuestións referidas aos servizos públicos do país máis de dous anos e medio perdidos.

Así, este contrato saíu a licitación o 20 de abril do ano 2010, por un importe de 180.000 € e un prazo, para entregar o texto a elaborar, de dous anos menos dous meses. O obxecto do mesmo era a recompilación de normas e documentación, a realización dun estudio que permitira definir as competencias, asesoramento, o borrador dunha lei, a elaboración dun programa de implantación e o asesoramento en xeral sobre a cuestión ferroviaria. Todo elo dunha complexidade extrema e manifesta como se pode comprobar.

Xa, no seu día, os Socialistas denunciámos a inutilidade e superfluidade desta contratación, pois puña en cuestión a capacidade dos medios humanos e materias da propia Administración autonómica, a perda de tempo e de recursos nunha cuestión que precisaba ser posta en marcha de xeito inmediato.

Dende comezo de lexislatura vimos defendendo a necesidade de contar cun ente de dereito público que teña por finalidade xeral a execución e desenvolvemento da política autonómica en materia de infraestruturas e servizos de transporte ferroviario. Nunca fomos escoitados e sempre se deron desculpas para tapar a incapacidade e a ausencia de vontade política por parte deste Goberno por acometer esta labor. Nunca se creen neste



Grupo Parlamentario

organismo como peza clave na arquitectura do servizo de transporte público por ferrocarril en Galicia.

Sempre cuestionamos que se perdera o tempo e recursos económicos na contratación dun proxecto de lei que agora se declara deserto e, que por mor dun partidismo intolerante, nunca se quixo contar co traballo que quedou feito na anterior lexislatura: un borrador de proxecto de lei de creación do Ente de Xestión dos Ferrocarrís Galegos.

Levamos a metade da lexislatura perdida nesta cuestión fundamental para poder articular en Galicia unha rede ferroviaria de transporte de proximidade e de cercarías que mellore a mobilidade e a calidade de vida dos cidadáns.

Tendo en conta a incursión deste Goberno “paralizado” en graves responsabilidades polo tempo perdido e pola dilapidación de recursos públicos en cuestións que conducen ao deserto, e polo que se formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a causa da declaración de deserto desta licitación dun concurso público para realizar un proxecto de lei de creación dun ente ferroviario público?

2ª) Está debidamente xustificada esta declaración que remata de xeito violento un procedemento administrativo?

3ª) Leva consigo, esta decisión governamental, algún tipo de indemnización ou compensación ás empresas comparecidas na contratación?

4ª) Como se vai a recuperar o tempo perdido nesta cuestión vital para a mobilidade interior de Galicia?

5ª) Seremos agora capaces de mirar o que fixeron outras autonomías nesta materia e adaptar este servizo de transporte ferroviario público ás nosas necesidades e especificidades?



Grupo Parlamentario

6ª) Cando empezaremos en Galicia a pensar dun xeito rigoroso na nosa mobilidade ferroviaria interior?

7ª) Pensa asumir a actual Xunta de Galicia algún tipo de responsabilidade pola asunción desta cuestión dun xeito impropio dunha Administración eficaz e moderna?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 19/08/2011 9:39:04



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Durante a campaña de alto risco de incendios forestais para o ano 2011, as temperaturas suaves para esta época do ano propiciaron unha menor actividade incendiaria en Galicia, se ben durante o mes de xuño os datos amosan que os incendios acaecidos en Galicia son mais do dobre da media dos últimos 6 anos, a superficie arborada calcinada multiplicouse por dez respecto da media do mesmo período.

Asísesmo, e pese a que o mes de xullo foi considerado polos expertos un dos mais fríos dos últimos anos, iniciábase con lumes coma o que afectaba ao Concello de Carballeda de Avia que arrasaba 76 ha., ou o que se rexistraba en Cotobade que calcinaba 170 ha., do mesmo xeito que se iniciaba o mes de agosto con varios lumes rexistrados no Concello de Silleda, compartindo a meirande parte deles o mesmo denominador común, ao achegarse os lumes perigosamente aos núcleos de poboación, poñendo en risco a vida dos veciños /as e dos seus bens.

Nestes días, e dende o pasado día 12 de agosto, cunha situación grave de seca, temperaturas elevadas e ventos favorables, e logo do abandono das medidas de prevención por parte do Goberno galego, Galicia sufría unha vez mais unha vaga de lumes e, Ourense volvía a ser a provincia mais afectada polos incendios forestais, chegando a decretarse en varias ocasións o nivel 1 de máxima alerta pola proximidade dos lumes ás vivendas, obrigando ao desaloxo dos/as veciños/as. Tal é o caso do incendio que moi próximo a capital ourensá arrasaba 120 ha na parroquia de Vilar de Astrés, ou o que o día 16, no mesmo lugar, arrasaba 20 ha, ou o gran incendio que no lugar de Sobradelo, no Concello de Carballeda de Valdeorras, arrasaba mais de 500 ha.

Polo exposto, a deputada asinante formula ad seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1.^a) Cantos lumes se teñen rexistrado en Galicia durante os días 12 e 13 de agosto e nos días seguintes, nos que a provincia de Ourense sufría unha vaga importante de incendios forestais ?

2.^a) Cantos dos lumes rexistrados superaron as 20 hectáreas e cantos non chegaron as 20 ha de superficie calcinada?

3.^a) Cantos lumes se rexistraron durante os días 12 e 13 de agosto e nos días seguintes coincidindo coa vaga de lumes que afectou á provincia de Ourense?

4.^a) Cantos lumes dos rexistrados na provincia de Ourense neses días superaron as 20 hectáreas e cales foron?

5.^a) Cantas hectáreas resultaron calcinadas, na provincia de Ourense, nos lumes rexistrados en torno a eses días que afectaron a mais de 20 ha., indicando a superficie afectada de monte arborado, monte raso e superficie agrícola non forestal en cada un deles ?

6.^a) Cantos lumes dos rexistrados, na provincia de Ourense, neses días non superaron as 20 ha., dos que non informou polo tanto o Goberno galego seguindo a súa política de ocultación en materia de incendios forestais?

7.^a) Cantas hectáreas arrasaron os lumes, na provincia de Ourense, que afectaron a menos de 20 ha neses días ?

8.^a) Qué medidas de prevención levou a cabo o Goberno galego e qué investimentos se realizaron en cada un dos distritos da provincia de Ourense e en cada un dos concellos afectados polos incendios forestais, nomeadamente nos concellos que sufriron lumes durante a vaga de incendios que afectou a provincia en torno aos días 12 e 13 de agosto e seguintes ?

9.^a) Qué valoración fai o Goberno galego ao respecto da vaga de lumes que en torno aos días 12 e 13 de agosto afectou a provincia de Ourense ?

10.^a) Qué valoración fai o goberno galego ao respecto do gran incendio que



Grupo Parlamentario

se iniciaba o sábado 13 de agosto no lugar de Sobradelo, en Carballeda de Valdeorras, e daqueles outros incendios que obrigaron ao Goberno a decretar o nivel 1 de máxima alerta ?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

12.^a) Ten previsto o Goberno galego levar a cabo algunha medida de restauración e recuperación da superficie arrasada polos incendios forestais, nomeadamente nas zonas afectadas pola vaga de lumes que durante os días 12 e 13 de agosto sufriu a provincia de Ourense e nomeadamente no monte que quedou arrasado no gran incendio que se rexistraba en Carballeda de Valdeorras, e de ser o caso cales?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2011

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 19/08/2011 9:43:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Luís Toxo Ramallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Diversos medios de comunicación denunciaron hai uns días que o alcalde de Santiago, o popular Gerardo Conde Roa, utilizara un helicóptero contraincendios para trasladar aos técnicos da Copa Davis á Cidade da Cultura o pasado día un de agosto, con motivo da súa visita á cidade ao ser unha das candidatas á acoller a celebración das semifinais da Copa Davis de tenis entre Francia e España.

Nesa mesma data e coincidindo coa utilización, por parte do alcalde de Santiago, da aeronave que prestaba servizos contra o lume, rexistrábase un incendio no Concello de Silleda que arrasou mais de 78 ha na parroquia de Oleiros, achegándose perigosamente a unha cooperativa e a unha fábrica de pensos e a varias vivendas, requirindo a intervención dos bombeiros do Deza.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión.

1.^a) Ten coñecemento o Goberno galego da utilización, o pasado día 1 de agosto, polo Alcalde de Santiago dun helicóptero dedicado ao loita contra os incendios forestais?

2.^a) Era o helicóptero utilizado polo Alcalde de Santiago un dos helicópteros que con base en Castromaior se dedican á defensa contra os incendios forestais?

3.^a) Participou con posterioridade o helicóptero que trasladou ao alcalde de Santiago e ao equipo da Copa Davis á Cidade da Cultura na extinción do lume que o día 1 de agosto se rexistraba no Concello de Silleda ?

4.^a) Cal foi o custe do voo do helicóptero para trasladar á Cidade da Cultura ao alcalde de Santiago e ao equipo da Copa Davis?



Grupo Parlamentario

5.^a) Quén autorizou a utilización do helicóptero do servizo de incendios para o traslado ?

6.^a) Qué valoración fai o Goberno galego ao respecto da utilización, o pasado día 1 de agosto, polo Alcalde de Santiago dun helicóptero dedicado a loita contra os incendios forestais?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2011

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Luís Toxo Ramallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 19/08/2011 9:44:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/08/2011 9:44:49

Luis María Tojo Ramallo na data 19/08/2011 9:44:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, concedeu no pasado mes de xullo batidas de lobo na Serra do Barbanza e zonas estremeiras.

Polo exposto, a deputada asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas batidas de lobo se concederon no que levamos de ano 2011?
- 2.^a) En que datas e zonas?
- 3.^a) Cales foron os motivos que levaron á Xunta de Galicia a conceder esas batidas?
- 4.^a) Cantos exemplares se capturaron?
- 5.^a) Que outras especies resultaron afectadas por estas batidas?
- 6.^a) Cómo avalían o cumprimento do Plan de Xestión do Lobo?
- 7.^a) Cómo está a poboación do lobo en Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Carmen Gallego Calvar na data 19/08/2011 11:44:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 11:58
Nº Rexistro: 68841
Data envío: 19/08/2011 11:58:23.142


Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao peche de camas hospitalarias e centros completos durante o mes de Agosto de 2011.

No terceiro verán de xestión sanitaria do Partido Popular, na actual lexislatura, estamos a ver novamente un peche masivo de camas hospitalarias pola decisión de non substituír ao persoal sanitario nas vacacións. Así o denuncian as plataformas de defensa da sanidade pública das diferentes áreas sanitarias.

Este verán, ademais, téñense realizado peches de centros completos, o que supón adiar incluso actividade cirúrxica xa programada xunto co repetido colapso das urxencias. Téñense producido, entre outros, casos de colapso grave en Vigo no Meixoeiro, en Ourense polo peche de Toén sen ter ampliado o número de camas dispoñíbeis, na Coruña co peche do Abente y Lago, no Arquitecto Marcide de Ferrol e noutros centros, todos eles resultado da falta de profesionais e o consecuente peche de camas que impide facer ingresos e liberar as urxencias.

Dende o grupo do BNG temos instado ao Goberno galego a utilizar a menor actividade do verán para facer un esforzo de utilización das infraestruturas e reducir a espera, tanto cirúrxica como de probas, e consultas que están a padecer centos de milleiros de doentes en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 11:58
Nº Rexistro: 68841
Data envío: 19/08/2011 11:58:23.142

Porén, o Goberno galego insiste na súa política de falsa austeridade e total ineficacia de recortar os gastos de persoal relacionados directamente coa actividade sanitaria, o que repercute directamente na calidade da atención.

Ademais, non se proporciona información clara sobre o volume do recorte nin en camas pechadas nin en redución de actividade nin en derivacións a centros privados.

Esta situación leva a este Grupo do BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no C. H. Universitario da Coruña e por que motivos?


2ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no C. H. Universitario de Santiago e por que motivos?

3ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no C.H. Universitario de Vigo e por que motivos?

4ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no C.H. Arquitecto Marcide de Ferrol e por que motivos?

5ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no C.H. Lucus Augusti de Lugo e por que motivos?

6ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no C.H. de Ourense e por



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 11:58
Nº Rexistro: 68841
Data envío: 19/08/2011 11:58:23.142

que motivos?

7ª) Cantas camas hospitalarias pecharon o mes de Agosto no Hospital Virxe da Xunqueira de Cee e por que motivos?

8ª) Cantas camas hospitalarias pecharon o mes de Agosto no Hospital da Barbanza e por que motivos?


9ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no Hospital da Costa de Burela e por que motivos?

10ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de agosto no Hospital de Monforte e por que motivos?

11ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no Hospital de Valdeorras e por que motivos?

12ª) Cántas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no Hospital de Verí en por qué motivos?

13ª) Cantas camas hospitalarias pecharon no mes de Agosto no Hospital do Salnés e por que motivos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2011 11:58
Nº Rexistro: 68841

Data envío: 19/08/2011 11:58:23.142

14ª) Que centros hospitalarios pecharon totalmente as súas portas durante o verán de 2011, por cantos días e por que motivos?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 19/08/2011 11:53:58



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

A Consellería de Medio Rural publicou no DOG do venres 1 de xullo a Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se modifica a do 10 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante esta Orde, e coa xustificación de haber recibido numerosas solicitudes de axudas, faise unha redistribución das anualidades orzamentarias de xeito que para o ano 2011 tan só se contempla unha cantidade de 40000 euros en Fondos Propios sen Fondos do PDR, adiando as partidas con máis orzamento aos anos 2012 e 2013.

Ante esta situación, que na práctica denega de feito as axudas solicitadas para o ano 2011 e dada a volatilidade das decisións do goberno Feijoo en materia orzamentaria, pon en cuestión as dos anos vindeiros, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión

- 1.^a) Cales son as razóns de fondo para facer esta modificación dos créditos existentes unha vez que xa estaba publicada a Orde de axudas e iniciados os trámites de avaliación dos expedientes recibidos?
- 2.^a) Cantos expedientes de solicitudes de axudas se recibiron?
- 3.^a) Cales foron os tipos de axudas máis demandados?
- 4.^a) Que dificultades de avaliación dos expedientes aconsellan anular as axudas de 2011?



Grupo Parlamentario

5.^a) Cómo se garante aos solicitantes que no ano 2012 ou 2013 non sucederá o mesmo que neste ano 2011?


Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 19/08/2011 12:12:59



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68850
Data envío: 22/08/2011 10:12:12.334

Á Mesa do Parlamento


Ana Luisa Bouza Santiago e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a redución das subvencións a entidades que desenvolven accións de saúde pública no campo VIH/sida en Galiza.

O Goberno galego ven de publicar no DOG de 17 de Agosto a resolución da convocatoria de subvencións a proxectos de asociacións e concellos que desenvolven accións de saúde pública no campo do VIH/sida en Galiza.

O resultado é un recorte de 106.000€ a respecto da mesma axuda de 2010, unha terceira parte menos de fondos, pasando de 255.000 a 149.000. Fican fora das axudas numerosas asociacións que veñen realizando este labor de prevención e asistencial a través do voluntariado, que non teñen fondos propios e que dependen destas axudas para manter a súa actividade.

Por outra banda, a Consellería de sanidade non asume dende os medios propios o traballo que realizan as Asociacións ás que deixa de financiar e, por tanto, son actuacións que deixarán de facerse co deterioro consecuente do labor preventivo e asistencial para as persoas afectadas.

Nun momento en que as autoridades sanitarias alertan sobre a necesidade de retomar e reforzar actuacións de prevención do VIH/sida e logo de que, na propia convocatoria se recoñeza que "A infección polo VIH (virus de inmunodeficiencia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68850
Data envío: 22/08/2011 10:12:12.334

humana) e a sida (síndrome de inmunodeficiencia adquirida) continúan sendo un dos principais problemas de saúde pública que padece a nosa sociedade".

No BNG consideramos que son as Administracións públicas quen deberían realizar a prestación destes servizos de prevención e asistencia pero, en todo caso, é a súa obriga garantir a provisión dos devanditos servizos. A decisión de eliminar completamente a subvención a determinadas asociacións, facendo recaer nelas toda a súa redución, supón que algúns territorios ficarán sen actuacións e por tanto parece unha nova discriminación territorial e irresponsábel da Consellería de Sanidade.

Por estes motivos, o Grupo do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


1ª) Cal é o motivo da redución dun terzo das axudas a asociacións que desenvolven actuacións de saúde pública no campo do VIH/sida en Galiza?

2ª) Considera o Goberno galego que esta redución vai repercutir negativamente na prevención do VIH/sida?

3ª) Que actuacións vai realizar o Goberno galego para reemplazar o traballo das asociacións que quedan sen financiamento?

4ª) Considera o Goberno galego unha prioridade de saúde pública a prevención e asistencia do VIH/sida en Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68850
Data envío: 22/08/2011 10:12:12.334

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 22/08/2011 10:00:44

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/08/2011 10:00:58



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e José Tomé Roca, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Transporte sanitario tanto na súa modalidade de transporte sanitario urxente como ordinario, nas condicións en que o regula a lexislación, forma parte importante das prestacións do Sistema Nacional de Salud.

Recentemente, en Galicia, está sendo noticia os recortes de servizos de ambulancias asistenciais en cidades e localidades como Vigo, Marín, Baiona, Ponteareas e Foz. O Sergas responde que “non se está levando a cabo ningunha supresión senón unha reorganización de recursos en base a un estudio técnico.”

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Quen realizou o estudio técnico?
2. Cales son as conclusións?
3. Con que criterios se planifica o transporte sanitario urxente?
4. Cal é a cobertura de transporte sanitario urxente en toda Galicia, especificada por áreas?

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Beatriz Sestayo Doce
José Tomé Roca

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 22/08/2011 11:28:32

María del Carmen Acuña do Campo na data 22/08/2011 11:28:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce na data 22/08/2011 11:28:44

José Tomé Roca na data 22/08/2011 11:28:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68862
Data envío: 23/08/2011 10:12:30.734


Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Resolución do 8 de xaneiro de 2008 (DOG nº 18 do 25 de xaneiro), da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da publicidade á instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, que regula a elaboración de solos reciclados a partir de residuos (solos artificiais ou tecnosolos) como unha alternativa de valorización.

O obxectivo desta nova vía de valorización de residuos, segundo o establecido no punto 6 (Usos do solo reciclado), é o emprego dos tecnosolos na recuperación de solos e augas degradados e/ou contaminados; o seu uso está totalmente prohibido, entre outros lugares, en pradarias e pasteiros naturais, e en fontes e pozos de captación de auga subterránea para abastecemento da poboación.

A meritada instrución regula tamén, no seu punto 8.1 (Xestor de tecnosolos), o procedemento administrativo para obter a autorización de xestor de tecnosolos ou xestor de residuos que elabora o solo a partir de residuos, que tramita o Servizo de Control e Xestión de Resíduos da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. O xestor deberá constituír unha fianza para responder dos posíbeis danos que se lle poidan causar ao ambiente e do seu custo de restauración, así como para



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68862
Data envío: 23/08/2011 10:12:30.734

garantir o cumprimento de todas as obrigas que fronte á Administración deriven do exercicio da actividade.

Segundo o Sistema de Residuos de Galicia, na provincia da Coruña son tres os xestores autorizados para a elaboración de solos artificiais, un deles situado no concello das Somozas.

Para a aplicación de tecnosolos, a ITR/01/08, nos seus puntos 7 (Operacións de aplicación de tecnosolos) e 8.2 (Aplicación de tecnosolos), establece a necesidade de realizaren un estudo previo da zona que se vai recuperar, que debe incluír os antecedentes da zona, a análise do solo e a análise do contorno; unha vez realizada a selección e o estudo do lugar de aplicación, debe elaborarse un proxecto de revexetación e de seguimento e vixilancia ambiental que, segundo as superficies de terreo, observará a realización de análises da composición do tecnosolo con distinta periodicidade dende a súa aplicación, e que poden incluír o control de augas subterráneas. Tamén establece a prohibición de aplicar no terreo tecnosolos mentres xeren olores.

Para a utilización dos tecnosolos débese obter, previamente á súa utilización, informe favorábel da idoneidade da mesma da delegación provincial de Medio Ambiente, para o que se tramitará diante desta unha comunicación da intención e unha memoria que deberá conter (Anexo III), entre outras, unha declaración do propietario de asumir o control e manter o uso definido durante o tempo mínimo de seguridade (5 anos), con incorporación do proceso á súa inscrición rexistral. Para máis de 2.500 toneladas, será



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68862
Data envío: 23/08/2011 10:12:30.734

obligatorio someterse ao procedemento de incidencia ambiental.


Para que o tecnosolo elaborado non sexa considerado residuo aos efectos do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, o produto obtido, ademais de cumprir cos requisitos da instrución en canto ao seu contido, deberá ser utilizado de conformidade coa memoria conformada na súa tramitación administrativa.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas:

- Que medidas de control e vixilancia ten operativas a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para asegurar o cumprimento da instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, que regula a elaboración de solos reciclados a partir de residuos (solos artificiais ou tecnosolos), incluíndo a aplicación de ditos solos?.
- Cantas comunicacións para aplicación de tecnosolos se teñen recibido na delegación de Medio Ambiente da Coruña no que vai de ano?.
- Cantas desas comunicacións foron informadas favorabelmente?; en que concello ou concellos se sitúan as zonas de aplicación?.
- Ten coñecemento a Consellaría de denuncia ou denuncias diante do Seprona ou da Garda Civil por posíbeis aplicacións de tecnosolos en zonas expresamente prohibidas, nomeadamente nos concellos das Pontes e As Somozas?; que actuacións da Consellaría motivaron?.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2011 10:12
Nº Rexistro: 68862
Data envío: 23/08/2011 10:12:30.734

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 23/08/2011 10:05:26



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Guillermo Meijón Couselo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén de anunciar ás familias afectadas, que os alumnos do primeiro ciclo de ensino primario da Escola de Bexo (Dodro), serán integrados noutro Colexio do Concello.

A decisión adoptada sen consulta coas familias nin coa Asociación de Pais e Nais, supón a quiebra do modelo de Colexio Rural que viña funcionando.

Como non hai información da Xunta de Galicia, non hai razóns que expliquen esa decisión. No momento actual a Escola tiña 16 alumnos dos diferentes cursos de infantil e primaria, con previsións de incremento tanto no curso 2011-2012 como no curso 2012-2013. Non é pois un problema de falta de matrícula. A distribución é a seguinte:

- 2 alumnos de segundo de primaria
- 3 alumnos de primeiro de primaria
- 2 alumnos de sexto de infantil
- 7 alumnos de quinto de infantil
- 2 alumnos de cuarto de infantil
- 4 alumnos novos no curso 2011-2012

O grao de satisfacción das familias é moi elevado. Unha proba son as 400 sinaturas recollidas e presentadas ante a consellería. Rara vez un centro de ensino convoca tantas adhesións o que amosa a implicación das familias no proceso educativo e a satisfacción co persoal docente. Si a calidade é o obxectivo do ensino, aquí existen razóns para manter o modelo actual. A información dispoñible acredita as boas condicións das instalacións e o equipamento suficiente.

Doutra banda, a medida unilateral da Xunta de Galicia é contraria os obxectivos de política territorial que tentan consolidar a poboación rural, precisamente coa garantía de igualdade no acceso ós servizos públicos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asistimos pois a unha decisión arbitraria da Administración. Tan arbitraria que non é quen a ofrecer explicacións directas ás familias, nin de responder as demandas escritas. O talante da consellería é inequívoco: despotismo, menosprezo pola importancia das familias no proceso educativo. Autoritarismo na toma de decisións.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que razóns avalan a decisión de suprimir a escolarización de alumnos do primeiro ciclo de ensino primario na Escola de Bexo (Dodro)?
2. Que informes técnicos respaldan esa decisión?
3. Por que non foron consultadas previamente as familias?
4. Por que ningún responsable da consellería foi quen a falar coas familias?
5. Considera a Xunta de Galicia que o autoritarismo nas relacións cos cidadáns é o modelo de actuación?


Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2011

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Guillermo Meijón Couselo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 23/08/2011 12:05:30

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 23/08/2011 12:05:36




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Isabel Sánchez Montenegro, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta con resposta oral na Comisión 2ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á protección da Serra do Galiñeiro.

Na confluencia dos concellos de Gondomar, Mos, O Porriño, Tui e Vigo atopase unha paraxe natural de extraordinario valor como é a serra do Galiñeiro. Cunha situación estratéxica nun lugar altamente poboado teñen xurdido diversas iniciativas de carácter popular para dotala dalgún tipo de protección habida conta dos seus valores intrínsecos e da súa capacidade para prestar un servizo medioambiental pero tamén social e económico que non ten pasado desapercibido por numerosas comunidades que conflúen pola súa actividade ou residencia nesta serra.

Efectivamente, son máis que vellas as propostas de catalogar os valores desta serra para preservala das constantes agresións de quen considera o uso da natureza dun xeito desproporcionado e insostíbel cunha visión curtoplacista, cando xa existe o desenvolvemento de actividades integradas e respectuosas co entorno, sostidas no tempo e con proxección de futuro, xogando o papel de recurso local para o desenvolvemento local aspecto non menos interesante nos tempos que corremos e que reforza a capacidade de toma de decisións de aqueles que son os seus verdadeiros propietarios como son os comuneiros e comuneiras, as comunidades de montes e as entidades locais, asegurando capacidades para permitir un desenvolvemento autocentrado e autoxestionado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, a responsabilidade das administracións públicas non se pode pasar por alto e deben, están obrigadas, a realizar os esforzos necesarios para reforzar esta situación no que, ademais de ter claros os problemas a solucionar, debese propiciar un proceso de cara acadar colaboracións estábeis coa xestión dos montes dispoñendo de solucións concretas. As diferentes decisións e iniciativas que se poñan en marcha deben ter como obxectivo fundamental a intervención para preservar os valores naturais, culturais, sociais e económicos deste entorno.


Na serra do Galiñeiro atópanse aspectos propios que permiten, mediante unha actuación decidida, a implementación de figuras de protección que asegurarían a súa funcionalidade e características. A súa vez existen peticións para que dita serra sexa contemplada como lugar de importancia comunitaria e a súa inclusión da Rede Natura 2000 e, tamén, que sexa incluída dentro dos límites do Parque Natural do Monte Aloia.

Estas son as razóns expostas que nos levan a presentar a seguinte pregunta con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Téñense presentado solicitudes para dotar dalgún tipo de protección á serra do Galiñeiro?.

2ª) Cal é a posición do Goberno sobre ditas solicitudes?.

3ª) Cal é a situación na que están ditas solicitudes?. En que fase da tramitación están no caso de que así o estiveran?. Cando ten pensado resolvelas?.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4ª) Vai dotar dalgún tipo de protección o Goberno á serra do Galiñeiro para preservar os seus valores?.

5ª) De ser certo, cando vai facelo e que figuras vai adoptar?.

6ª) De non facelo, vai permanecer impasíbel ante múltiples solicitudes para dotala da protección adecuada?. Non vai ter en conta a posición daquelas entidades que tiveron e teñen a responsabilidade da súa xestión ou mesmamente as figuras de protección recollidas xa nalgúns planeamentos dos concellos?.

7ª) Entende o Goberno que a serra do Galiñeiro debe seguir soportando as agresións actuais e futuras cando cumpre cunha serie de valores que faino merecedor de preservar os seus valores e mellorar a súa situación?.

Santiago de Compostela, 19 de agosto do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Carme Adán Villamarín
Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 23/08/2011 12:59:04

Maria do Carme Adán Villamarín na data 23/08/2011 12:59:09



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isabel Sánchez Montenegro na data 23/08/2011 12:59:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos Francisco Rivera, Francisco Cerviño González e Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No Pleno da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia celebrado o 23 de decembro de 2008, se deu conta do remate do expediente de transferencia á Comunidade Autónoma, entre outros bens, do Castelo de Monterrei, na provincia de Ourense.

Cuestións relacionadas coa inscrición rexistral retrasaron a matriculación da propiedade transferida ate o ano 2010. No mesmo mes deste mesmo ano, tivo lugar na Subdelegación do Goberno en Ourense, o acto protocolario de cesión gratuíta da propiedade por parte do Estado en favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

A partires dese intre os bens transferidos pertencen ao patrimonio de Galicia e como tales deben ser obxecto de protección de conformidade coa lexislación vixente (entre outras, lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia).

Xa daquela o Sr. delegado da Xunta de Galicia en Ourense, tiña manifestado a través dos medios de comunicación social que “a transferencia do Castelo de Monterrei e das Torres Mediavais, de Xinzo, Sandiás e Porqueira, constituía un novo problema para a Xunta de Galicia”.

Ditas manifestacións se corroboran de xeito textual na actualidade, unha vez analizado o estado de calamitoso abandono o que está sometido a Acrópole de Monterrei e o resto do patrimonio transferido.

Este estado de abandono está sendo denunciado reiteradamente polo Grupo Parlamentario Socialista, mesmo por algún destacado alcalde do Partido Popular da Comarca de Monterrei e por centos de cidadáns que ven como a negligencia da Consellería de Cultura e Turismo está a contribuír o



Grupo Parlamentario

deterioro do complexo fortificado de carácter histórico máis importante de Galicia.

Mesmamente, de xeito claramente lesivo e prexudicial para o conxunto da cidadanía o Castelo de Monterrey se ten pechado durante semanas do presente mes de agosto para a celebración de festas privadas, algo absolutamente insólito e bochornoso, por canto foron centos de persoas, moitas delas turistas, as que non puideron acceder a visitar o recinto por esta causa.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista ten demandado no Parlamento galego da necesidade imprescindible que dende a Xunta de Galicia se proceda de xeito inmediato a redactar un Plan Director de Rehabilitación da Acrópole de Monterrei así como incorporar as dotacións orzamentarias precisas, para converter este patrimonio en algo vivo, nun elemento de dinamización das Comarcas do sur de Ourense coma instrumento de auténtico reequilibrio territorial socialmente útil para o país; Plan Director que xa o anterior Goberno bipartito tiña elaborado contemplando a recuperación do conxunto habitacional existente (máis de corenta vivendas) para usos de aproveitamento turístico e comercial, así como a creación dun Museo da Imprensa, a posta en marcha dun Centro de Promoción do Viño e da Auga, un Centro empresarial e un Centro de Intercambio Institucional Galicia – Portugal.

Diante desta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a posición da Xunta de Galicia en torno a redacción dun Plan de Rehabilitación do complexo de Monterrei durante o presente ano 2011?
2. Cales son as razóns que motivaron o peche do Castelo de Monterrei durante semanas do presente mes de agosto?
3. Cal é valoración que fai a Xunta de Galicia do estado actual de abandono o que está sometido o Castelo de Monterrei?



Grupo Parlamentario

4. Que cantidades se van a consignar nos orzamentos para o ano 2012, que teñan como obxecto específico a rehabilitación e posta en valor do Castelo de Monterrei?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2011

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Francisco Cerviño González
Concepción Burgo López

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2011 9:27:34

Francisco Xulio Cerviño González na data 24/08/2011 9:27:41

María Concepción Burgo López na data 24/08/2011 9:27:47



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Sr. Rueda, conselleiro de Medio Rural, visitaba no mes de agosto A Veiga, aínda que non sabemos en calidade de que. Si foi como responsable do Partido Popular ou como conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Como responsable do Partido Popular entendemos que si tivera que ir, resultaba imprescindible xa que o Partido Popular da Veiga ameazaba coa rebelión ante os incumprimentos do presidente Feijoo para con eles.

Pero como conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza xa temos máis dúbidas.

Dúbidas que por certo persisten aínda trala visita efectuada pois a día de hoxe non sabemos se foi para dar ou para quitar.

Unha vez máis se volveu falar do polideportivo e da piscina pública, obras mil veces comprometidas polo PP para A Veiga, pero obras que seguen sen se facer.

Todos recordamos moi ben en Valdeorras como a construción dun polideportivo na Veiga foi utilizado como moeda de cambio para “negociar” unha moción de censura o anterior alcalde socialista, pero a verdade e que a instalación deportiva segue sen materializarse.

Preguntado ao Sr. conselleiro sobre ambas obras piscina e polideportivo contestou que so ía falar do que era da súa competencia, é dicir, do polideportivo.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dado que ambas cousas deberían depender da Secretaría Xeral para o Deporte, onde por certo figuraba a partida non executada para o polideportivo xa no ano 2010 e que esa Secretaría depende directamente do Sr. Feijoo, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:


1. Vai facer o Goberno da Xunta de Galicia o tan prometido polideportivo da Veiga? Cal sería o importe desa infraestrutura deportiva? Que consellería sería a responsable do seu financiamento e cando se pensa que podería estar funcionando?
2. E van facer as piscinas prometidas tamén nese concello? Cal é o importe para as mesmas? Que partida recolle esa obra e que consellería sería a responsable de levala a cabo e en que prazos?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 24/08/2011 10:36:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:41
Nº Rexistro: 68880
Data envío: 24/08/2011 10:41:55.757

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Consellaría de Educación ten no seu haber dous cursos de retrocesos importantes en materia de ensino público. O decreto do plurilingüismo, os recorte de fondos para os centros, o recorte de bolsas para o alumnado, a eliminación das licenzas de estudos, a supresión de prazas de profesorado ou a eliminación de unidades educativas públicas son só algúns dos exemplos máis significativos. A Consellaría de Educación emprega como escusa a suposta necesidade de ser austeros en materia educativa, mais isto aplícao só para o ensino público e non para o privado. De feito, o pasado venres 19 de agosto a Consellaría publicou no DOG os concertos educativos con centros privados que terán vixencia até o curso 2012-2013. Ditos concertos educativos non só manteñen o número de unidades, senón que mesmo incrementan o número de unidades concertadas con centros privados, incrementando así os fondos públicos para financiar centros educativos que, en contra do que recolle a lexislación, non sempre aceptan alumnado con necesidades educativas, procedentes da inmigración ou son centros que segregan por sexo.

Mentres no ensino público se pecharon definitivamente 14 escolas unitarias, ademais doutras 77 unidades educativas en todo o país, o Goberno galego incrementa 9 novas unidades concertadas con outros tantos centros privados, delas 6 de Educación Infantil, dúas de Primaria e un Programa de Cualificación Profesional.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:41
Nº Rexistro: 68880
Data envío: 24/08/2011 10:41:55.757

Núñez Feijóo iniciou a senda de privatización da sanidade galega, dos centros de benestar e agora incrementa os concertos educativos para o vindeiro curso a costa do ensino público, por este motivo formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Como explica o Goberno galego o recorte sistemático do ensino público mentres se aumenta o privado?


Santiago de Compostela, 24 de agosto 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/08/2011 10:10:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:43
Nº Rexistro: 68884
Data envío: 24/08/2011 10:43:49.520

Á Mesa do Parlamento


María do Carme Adán Villamarín e Henrique Viéitez Alonso, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**

O sector do turismo en Galiza comezou o ano 2001 cunha situación de incertidume importante. En febreiro rexistrouse a ocupación máis baixa dos últimos sete anos. Este dato é alarmante se temos presente que 2009 foi un ano dunha contracción internacional do turismo e neste momento o Estado español sofre unha recuperación porcentual deste sector.

Os datos do verán de 2011 tamén son preocupantes para a economía galega. Vemos como as pernoctación en xullo aumentan no Estado español un 7,7% mentres en Galiza descenden un 5,09%. Asemade descenden os ingresos hoteleiros por cuarto dispoñíbel nun punto. Consideramos que esta situación, nun momento no que Núñez Feijóo ten anunciado unha remodelación completa dos organismos de xestión do turismo en Galiza, é preocupante e serve de mostra da falla de planificación turística do Goberno galego.

Por isto, formúlanse as seguintes preguntas:

1. Que deseño de política turística para o 2011 está seguindo o Goberno galego?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 10:43
Nº Rexistro: 68884

Data envío: 24/08/2011 10:43:49.520

2. Como explica o Goberno galego os datos turísticos galegos de 2011?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/08/2011 10:16:09

Henrique Viéitez Alonso na data 24/08/2011 10:16:15



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, Sonia Verdes Gil, Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión.**

A provincia de Ourense ten sido a máis castigada polos lumes no que vai de verán e foi precisamente na comarca Valdeorresa onde se deu o primeiro lume de grandes dimensións do ano 2011.

A falta de previsión do Goberno actual, os recortes económicos feitos tanto nos medios materiais como nas brigadas e sobre todo o abandono das tarefas de limpeza dos montes, das tarefas de prevención, foron as principais causas destes lumes e das súas complicacións.

Dramaticamente nestes incendios, no que xa vai sendo a constante desta campaña, foi necesario evacuar os veciños e as veciñas das súas casas ante a proximidade dos lumes as aldeas.

Ademais en Valdeorras os lumes deste agosto se viviron como unha mostra máis do maltrato da Xunta de Galicia cara esa comarca. Dende que chegou o PP ao Goberno da Xunta de Galicia o balance para alí é o seguinte: supresión das axudas para o arranxo dos camiños de acceso aos viñedos, supresión das axudas aos parados da lousa e as propias empresas, e por si todo isto fora pouco agora os lumes e a eliminación de facto da área sanitaria.

Todo isto se vive dende Valdeorras como unha clara mostra de discriminación negativa e non se explica ninguén como o Sr. conselleiro de Medio Rural responsable dos lumes estaba na feira do viño pola mañá e completamente desaparecido dos incendios pola tarde.

Parecera que o Goberno do Partido Popular galego está de vacacións mentres Galicia está ardendo.



Grupo Parlamentario

Para tranquilizar os e as Valdeorresas, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que tipo de axudas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias dos lumes en canto cheguen as choivas? Cando e en que van consistir as mesmas?
2. Contempla tal vez algún tipo de compensación para os propietarios dos viñedos que arderon nestes lumes? E para calquera outro damnificado polos mesmos?
3. Como e cando se vai expor a recuperación destes montes?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Sonia Verdes Gil

Pablo Xabier López Vidal

María Quintas Alvarez

Juan Carlos Francisco Rivera

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 24/08/2011 10:44:17

Sonia Verdes Gil na data 24/08/2011 10:44:24

Pablo Xabier López Vidal na data 24/08/2011 10:44:32

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 24/08/2011 10:44:37

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/08/2011 10:44:44



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo e Sonia Verdes Gil, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na última edición da feira do viño de Valdeorras contouse coa presenza do Sr. conselleiro de Medio Rural.

Ben é verdade que o Sr. Juárez non chegou a entusiasmarse tanto cos caldos valdeorreses como fixo sen embargo o Sr. Feijoo, presidente da Xunta de Galicia, na feira do albariño onde chegou a afirmar que se trataba do mellor viño do mundo.

Pero deixando os entusiasmos máis ou menos oportunos a parte, non deixa de resultar chamativo que o conselleiro de Medio Rural acuda a unha feira organizada por un Consello Regulador o que ven de suprimir as achegas para o arranxo dos accesos aos viñedos nos núcleos de poboación maiores, é dicir, os colleiteiros da Rúa e do Barco.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A presenza do Conselleiro na feira do viño de Valdeorras implica algún tipo de compromiso con esta denominación de orixe?
2. Van por fin a recibir as axudas para arranxar os accesos aos seus viñedos os adegueiros da Rúa e do Barco. De ser así, cando e de que contías estamos a falar?
3. Considera o Goberno galego que é o albariño o mellor viño de Galicia como afirmou o presidente? Supón isto algunha deferencia nas achegas que saen da Administración galega?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Sonia Verdes Gil



Grupo Parlamentario

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 24/08/2011 10:42:25

Sonia Verdes Gil na data 24/08/2011 10:42:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Durante o transcurso do seminario sobre exclusión social que organizou en Santiago a Unión de Pensionistas e Xubilados a Conselleira de Traballo e Benestar destacou que o Goberno galego está a dar importantes pasos para previr o risco de exclusión social das persoas maiores a través do Plan Galego de maiores 2010-2013.

Por todo isto, a deputada asinante formula as seguintes preguntas:

1. ¿Que medidas está levando a cabo a Consellería de Traballo e Benestar para previr o risco de exclusión social das persoas maiores?
2. ¿Que medidas está levando a cabo a Consellería de Traballo e Benestar para a detección, avaliación e intervención dos casos de maltrato a persoas maiores e adultos con discapacidade?



Santiago de Compostela a 24 de agosto de 2011.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 24/08/2011 12:18:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 12:22
Nº Rexistro: 68898
Data envío: 24/08/2011 12:22:46.984

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que se adoptarán para lle pór fin ao problema urbanístico suscitado no litoral do Concello de Vilaboa.

Diversos núcleos do litoral de Vilaboa están a padecer os problemas urbanísticos derivados da inadaptación do actual marco legal vigorante (derivado da Lei de Costas, de 1988), mesmo con expedientes sancionadores e/ou de demolición abertos sobre algunhas destas vivendas.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cantas vivendas no Concello de Vilaboa están afectadas, a xuízo da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura, pola normativa en materia de costas?

2.^a) Cantos expedientes sancionadores foron abertos por este motivo?

3.^a) En que situación se encontra cada un deles?

4.^a) Tense previsto abrir novos expedientes?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2011 12:22
Nº Rexistro: 68898
Data envío: 24/08/2011 12:22:46.984

5.^a) Que medidas se adoptarán, e en que prazo, para resolver o problema descrito?

6.^a) Especificamente, ten previsto aceptar nun PXOM que lle de solución a este problema?

7.^a) Ten previsto paralizar as actuacións administrativas e xudiciais emprendidas pola APLU no concello de Vilaboa por este motivo, até que se resolva este conflito?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/08/2011 12:11:53

Teresa Táboas Veleiro na data 24/08/2011 12:12:10

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Consellería de Traballo e Benestar está a ultimar a elaboración dun protocolo de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores en xeral e adultas con discapacidade. Esta iniciativa está incluída tanto no Plan de Acción para as Persoas con Discapacidade de Galicia como no Plan Integral de Persoas Maiores.

Por todo isto, deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. ¿En qué vai a consistir este Protocolo e cales son os obxectivos principais?

Santiago de Compostela a 24 de Xullo de 2011.

Asinado dixitalmente por:



Marta Rodríguez Arias na data 24/08/2011 12:49:33

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade 2010-2013 recolle máis de 190 actuacións dirixidas a mellorar a calidade de vida deste colectivo en todos os eidos. O Plan artéllase ao redor de 10 áreas de intervención, cada unha delas cos seus obxectivos específicos. Os núcleos de acción son os seguintes: Protección dos dereitos; igualdade de xénero e transversalidade; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; atención temperá; e cultura, deporte e tempo de lecer.

Por todo isto, a deputada asinante formula as seguintes preguntas:

1. ¿Que medidas ten realizado a Consellería de Traballo e Benestar en relación ao Plan de Acción Integral para persoas con discapacidade?



2. ¿Que medidas ten realizado a Consellería de Traballo e Benestar en relación á atención temperá?
3. ¿Cales son os obxectivos acadados ata o de agora?

Santiago de Compostela a 24 agosto de 2011.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 24/08/2011 12:53:17

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O programa Xantar da Casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores, dependentes e/ou en risco de exclusión social, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O programa articúlase na xestión por parte do Consorcio en colaboración coa Xunta de Galicia e cos concellos consorciados. Esta colaboración formalízase mediante a sinatura dos correspondentes convenios entre Consorcio e concellos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. ¿A cantos usuarios beneficiou o programa Xantar na Casa desde a súa posta en marcha?




2. ¿Incrementouse dalgún xeito o financiamento deste programa?

3. ¿Que custe do programa asume a Xunta e que porcentaxe teñen que asumir os propios usuarios?

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 24/08/2011 13:18:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Ana Luísa Bouza Santiago, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa oral na Comisión 5ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao mantemento do servizo de ambulancias na comarca do Condado e mailo concello do Covelo.

No proceso de desmantelamento dos servizos públicos iniciado polo Goberno galego sustentado coa chegada do Partido Popular tense dado un paso se precedentes ao poñer en risco a atención das urxencias nos concellos que conforman a comarca do Condado como son Ponteareas, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves e Salvaterra de Miño e tamén, ao concello do Covelo integrado na comarca do Paradanta. Dita situación vai incrementar a desprotección da poboación ao suprimir unha ambulancia nas fins de semana e doce horas máis durante o resto dos días.

Este feito, de graves consecuencias, sumase á anterior decisión (fai uns seis meses) de suprimir unha ambulancia medicalizada das dúas que so existían para atender a toda a Área Metropolitana de Vigo, resulta evidente o déficit que soportará a sanidade pública desta área onde máis de 500.000 persoas do sur de Pontevedra disporán só dunha ambulancia deste tipo.

As unidades asistenciais de emerxencias, ademais de atender a poboación destes seis concellos e todos os núcleos rurais, soportan tamén a atención de importantes zonas de risco como a Autovía A-52 e todo o tecido industrial disperso nos concellos da comarca. A poboación entende que é necesario e urxente a redución deste servizo vital pois, a maiores, co recorte anunciado polo Goberno galego incrementáanse os tempos de desprazamentos e de demora en momentos vitais para a saúde, contase coa metade dos medios durante as fins de semana e agrávase a situación no momento de emerxencias múltiples.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A política de austeridade do Partido Popular mantén unha presión constante sobre os servizos públicos, nomeadamente aqueles de maior transcendencia para a saúde das persoas, namentres non ten ningún reparo en seguir malgastando cartos en publicidade ou en actividades prescindíbeis asegurando, iso si, de que tamén da necesidade das persoas pódese obter beneficio para os negocios privados.

Estas son pois as razóns que nos levan a presentar a seguinte Pregunta con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as razóns que levan a suprimir o servizo de ambulancias actual para a atención da comarca do Condado e máis O Covelo?.

2ª) Cales son as asistencias prestadas por este servizo que vai suprimir o actual Goberno galego dende que esta gobernando?.

3ª) É consciente do impacto que a nova situación xera para o conxunto da poboación, nomeadamente en determinadas épocas do ano?.

4ª) Como vai garantir o nivel de prestación deste servizo sen poñer en perigo a vida das persoas en determinadas situacións de risco?.


Santiago de Compostela, 23 de Agosto do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 25/08/2011 9:59:24

Ana Luisa Bouza Santiago na data 25/08/2011 9:59:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Ana Luísa Bouza Santiago, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao mantemento do servizo de ambulancias no Val Miñor.

No proceso de desmantelamento dos servizos públicos iniciado polo Goberno galego sustentado coa chegada do Partido Popular tense dado un paso se precedentes ao poñer en risco a atención das urxencias nos tres concellos do Val Miñor ao suprimir unha ambulancia con base en Sabarís (Baiona) na quenda de noite dende o domingo ao xoves a partires do próximo 10 de setembro, quedando unha soia ambulancia que atendera a toda a comarca miñorana dende A Xunqueira entre as 22.00 H. e as 10.00 H., tendo unha especial incidencia, de carácter vital diramos, pois son as que primeiro atenden os accidentes, os infartos, as praias, etc.,

Este feito, de graves consecuencias, sumase á anterior decisión (fai uns seis meses) de suprimir unha ambulancia medicalizada das dúas que so existían para atender a toda a Área Metropolitana de Vigo, resulta evidente o déficit que soportará a sanidade pública desta área onde máis de 500.000 persoas do sur de Pontevedra disporán só dunha ambulancia deste tipo.

A preocupación da poboación miñorana acrecentase na medida de que xa que no verán o Goberno galego é capaz de suprimir este tipo de servizo nun lugar no que máis que se duplica a súa poboación, que pasará cando a poboación do Val Miñor se reduza ao seu número normal falando, aínda así, de aproximadamente 50.000 persoas. Á súa vez, a ambulancia con base na Xunqueira, atenderá Baiona con seis minutos de retraso respecto ao servizo actual, tempo que pode resultar vital en caso de situacións críticas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A política de austeridade do Partido Popular mantén unha presión constante sobre os servizos públicos, nomeadamente aqueles de maior transcendencia para a saúde das persoas, namentres non ten ningún reparo en seguir malgastando cartos en publicidade ou en actividades prescindíbeis asegurando, iso si, de que tamén da necesidade das persoas pódese obter beneficio para os negocios privados.

Estas son pois as razóns que nos levan a presentar a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as razóns que levan a suprimir o servizo de ambulancias actual para a atención do Val Miñor?.

2ª) Cales son as asistencias prestadas por este servizo que vai suprimir o actual Goberno galego dende que esta gobernando?.

3ª) É consciente do impacto que a nova situación xera para o conxunto da poboación, nomeadamente cando supera con creces o dobre en determinadas épocas do ano?.

4ª) Como vai garantir o nivel de prestación deste servizo sen poñer en perigo a vida das persoas en determinadas situacións de risco?.

Santiago de Compostela, 23 de Agosto do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 25/08/2011 10:15:33

Maria do Carme Adán Villamarín na data 25/08/2011 10:15:38

Ana Luisa Bouza Santiago na data 25/08/2011 10:15:43



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura, María Quintas Alvarez, Pablo Xabier López Vidal e Juan Carlos Francisco Rivera, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Goberno Feijoo despois de ter paralizado máis de dous anos o Plan Director do Complexo Hospitalario de Ourense anuncia agora que o vai retomar pero utilizando esa fórmula de financiamento tristemente famosa, a PFI.

Isto suporía a privatización a lo menos parcial do Complexo Hospitalario de Ourense xa que esa fórmula financeira esixe que durante un período de 20 anos a xestión do hospital quede en mans das empresas concesionarias.

Isto creará un importante problema na xestión do centro, pois terán que convivir dúas xerencias a sanitaria e a empresarial que sen dúbida teñen intereses distintos ademais de multiplicar por sete o custo das obras o que porá en perigo o sostemento da sanidade pública galega.

Dado que ademais o Goberno popular na Xunta de Galicia acaba de aprobar por certo con premeditación aleivosía e estivalidade o Decreto de área integrada para a provincia de Ourense suprimindo dun plumazo a área sanitaria de Valdeorras, custa entender como van poder compaxinar as dúas medidas.

Por todo isto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Canto vai custar o Plan Director do CHOU o aplicarlle a fórmula de financiamento PFI? Como se vai modificar o anterior Plan Director? Que datas se barallan para levalo a cabo? Que empresas pensa a consellería estarían interesadas en asumir ese proxecto?



Grupo Parlamentario

2. Quen vai xestionar o Complexo unha vez rematado o Plan Director? Como vai repercutir no resto da área integrada? Haberá un responsable da parte privada e un da parte pública? A persoa que xestione a parte privada terá tamén competencias nos hospitais comarcais da área integrada Verín e o Barco? Estase privatizando parcialmente tamén a nova área integrada con esta medida?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 25 agosto de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
María Quintas Alvarez
Pablo Xabier López Vidal
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 25/08/2011 10:15:06

Modesto Pose Mesura na data 25/08/2011 10:15:10

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 25/08/2011 10:15:15

Pablo Xabier López Vidal na data 25/08/2011 10:15:21

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/08/2011 10:15:28

Á Mesa do Parlamento

María Seoane Romero, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**

Exposición de Motivos

A inicios desta VIII Lexislatura fomos coñecedores da reactivación da Comisión Interdepartamental de Xuventude por parte da Xunta de Galicia logo de catro anos de parálise.

Este órgano de coordinación de todas as accións e políticas de mocidade da Administración Autonómica ten amosado ser imprescindible para o efectivo cumprimento das demandas do sector xuvenil.

O carácter transversal e integral das políticas de xuventude plasmábase novamente no Consello da Xunta de 16 de setembro de 2010 coa aprobación do documento *“Xuventude 2013. Unha estratexia para a mocidade galega”*.

O pasado mes de xullo reuníase, por terceira vez nesta lexislatura, a Comisión Interdepartamental de Xuventude para analizar, entre outros puntos, o seguimento das accións e medidas do *Plan Xuventude 2013, unha estratexia para a mocidade galega*.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cales son as conclusións do seguimento efectuado do desenvolvemento do *Plan Xuventude 2013, unha estratexia para a mocidade galega*?



2. Cantas medidas das inicialmente programadas no citado Plan se levaron a cabo?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2011

Nos primeiros días do mes de agosto coñecemos que en Galicia se ditaron 637 ordes de protección no primeiro semestre do ano, unha cifra que supón unha redución do 4,64 por cento con respecto ó mesmo período de 2010. A razón é a diminución do número de denuncias presentadas. A secretaria xeral de Igualdade, Marta González, vencellou este descenso á crise económica e animou as vítimas da violencia machista a denunciar os seus casos. Pero o Goberno galego é consciente de que os recortes que se aplican á loita contra esta lacra supoñen un receso no apoio ás afectadas.

Neste contexto, a Secretaría Xeral de Igualdade anunciou a posta en marcha dun servizo de asesoramento xurídico online para atender ás mulleres que sofren malos tratos. Afirmar que será complementario ós Centros de Información á Muller que existen nas diferentes provincias. Din que será unha plataforma que ofrecerá información ás mulleres porque o asesoramento axeitado constitúe o primeiro paso para saíres da situación de violencia na que se atopan moitas delas.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os deputados socialistas coincidimos que esta asistencia é de vital importancia, pero entendemos que debe ir máis alá da Internet. As vítimas precisan de expertos e expertas que as axuden e cos que poidan ter un trato directo pola delicada situación que están a atravesar. Entendemos que xerar un rexistro de información coa finalidade de tratalo estatisticamente non é unha prioridade, e si garantir que as mulleres teñan lugares con persoal especializado ós que poidan recorrer. Son moitas as que aínda non teñen acceso á Internet, xa sexa por cuestións económicas ou porque as súas parellas se encargan de limitarlles o uso da rede.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. De que partida económica do orzamento da Xunta de Galicia sairán os fondos para manter este servizo e cal será o seu custe?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia xestionar este servizo con persoal da Administración autonómica ou adxudicalo a unha empresa privada? No caso dunha adxudicación, cal será o procedemento a seguir?
3. Que perfís profesionais se van encargar de dar resposta á demanda?
4. Contouse coa opinión dos concellos responsables dos CIM para a posta en marcha deste servizo?
5. Cal será o protocolo a seguir para unha integral e eficaz atención á muller vítima da violencia machista?
6. Cales serán as melloras que incorporará este servizo con respecto ós que xa están en funcionamento?
7. Dada a forte demanda de asistencia de mulleres inmigrantes, ofrecerá este servizo atención en varios idiomas?
8. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad dispón dun teléfono (016) contra o maltrato que ofrece un traballo coordinado coas Comunidades autónomas. Como se vai coordinar o servizo online anunciado pola Xunta de Galicia con este teléfono de asistencia?

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Beatriz Sestayo Doce
Sonia Verdes Gil
Carmen Acuña do Campo



Grupo Parlamentario

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 30/08/2011 9:59:55

Silvia Belen Fraga Santos na data 30/08/2011 9:59:59

Beatriz Sestayo Doce na data 30/08/2011 10:00:05

Sonia Verdes Gil na data 30/08/2011 10:00:12

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/08/2011 10:00:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol e Jaime Castiñeiras Broz deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

En outono do ano 2008 os veciños do barrio do Celeiriño, sito no concello lucense de Viveiro, observaron como a medida de que crecía un gran burato na cimentación dun bloque de vivendas contiguo, os seus fogares sufrían danos, gretas, roturas nas súas estruturas, ata chegar a unha situación de risco cerco de derrubido que obrigou á evacuación de moitas das vivendas deste barrio e ao recoallo dos seus propietarios.

Os devanditos danos parecen ser consecuencia directa das obras de construción dun edificio con garaxes e dun muro de contención executadas nun solar contiguo ás vivendas afectadas. A edificación contaba cunha licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde socialista Melchor Roel, todo a pesar de que se suscitaban dúbidas sobre a idoneidade dos traballos executados, a súa adecuación coa legalidade urbanística e respecto do rigor co que o Concello efectuou a vixilancia e seguimento das obras de edificación, que levaron ao derrube de practicamente todo un barrio.

Tres anos despois do acontecido moitos dos veciños desaloxados están á espera de volver ás súas vivendas -aqueles que así poidan facelo-, Esta situación de pendencia produce un lóxico desacougo entre a veciñanza e respecto do futuro das vivendas en risco de derrube.

O Goberno galego vén de ofrecer en múltiples ocasións a súa máxima disposición a colaborar co Concello de Viveiro e con outras administracións na procura dunha solución a estes problemas. O Instituto Galego de Vivenda e Solo xa indicou que a solución máis acaída é a declaración dunha área de rehabilitación integral, cuxa solicitude debe presentar o Concello.

Esta declaración da ARI permitiría aos propietarios das vivendas do Celeiriño acceder non so ás axudas financiadas pola Xunta de Galicia senón tamén ás do Estado, ao tempo que permitiría ao concello de Viveiro facer obras de mellora, urbanización e reurbanización do barrio tamén con axudas autonómicas e estatais.

A normativa que rexe á declaración de áreas de rehabilitación, figura incluída no Plan de Vivenda, indica que a declaración é competencia da Xunta de Galicia, pero que corresponde ao concello presentar previamente a solicitude de declaración. Polo momento, e segundo ten transcendido, o IGVS non recibiu solicitude algunha do concello de Viveiro respecto da declaración da área de rehabilitación do Celeiriño, nin tampouco ningún tipo de axuda configurada dentro do programa de Cédula de Rehabilitación.

Tampouco existe constancia do cumprimento, por parte do Concello de Viveiro, do acordo do seu Pleno Municipal que, aprobado por unanimidade o 28 de setembro de 2009 obrigaba á Alcaldía a “emprender as accións legais e aboar ó IGVS o importe da indemnización que no seu caso se perciba por parte dos causantes dos danos, co límite dos importes aboados con cargo aos presupostos da Comunidade Autónoma ao amparo da declaración de emerxencia do Barrio do Celeiriño”..

Co obxecto de corroborar todos estes feitos e analizar as xestións a desenvolver para requirir unha solución próxima e certa aos problemas que xurdiron, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.-) ¿Ten constancia a Xunta de Galicia da situación descrita e, nomeadamente, da pendencia na recepción das axudas comprometidas aos veciños do Celeiriño para colaborar na rehabilitación das súas vivendas?
- 2.-) ¿Comunicou o IGVS ao Concello de Viveiro a idoneidade de acollerse á declaración dunha área de rehabilitación para as vivendas afectadas do barrio de Celeiriño? De ser así, ¿cando?, ¿con que resultado?
- 3.-) ¿Ten constancia das razóns polas que a Alcaldía de Viveiro está a demorar a solicitude para a declaración da área de rehabilitación integral para o barrio do Celeiriño, así como da documentación complementaria requirida?
- 4.-) ¿Requiriu o IGVS ao Concello de Viveiro información sobre a presentación da reclamación xudicial contra a empresa construtora responsable dos danos causados no Celeiriño? De ser así, ¿en que datas?, ¿con que resultado?
- 5.-) ¿Ten constancia a Xunta de Galicia das razóns polas que o Concello de Viveiro non ofrece información sobre a presentación ou non da reclamación xudicial contra a empresa construtora responsable dos danos e, en todo caso, dos motivos que levan á Alcaldía a incorrer, de ser así, neste comportamento cómplice coa empresa responsable?
- 6.-) ¿Cales son as vantaxes que para os veciños do barrio de Celeiriño cuxas vivendas foron afectadas polos derrubes traería consigo a declaración da área de rehabilitación integral?


Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2011



Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 30/08/2011 12:01:22

Jaime Castiñeira Broz na data 30/08/2011 12:01:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 10:01
Nº Rexistro: 69034
Data envío: 31/08/2011 10:01:21.156


Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a elaboración dun Plan de intervención do Patrimonio Eclesiástico.

A denominada Operación Retablo puxo ao descuberto un problema real que existe coa conservación e mantemento do patrimonio eclesiástico. Non é só que se estea investigando unha trama de corrupción na adxudicación de obras de restauración, senón que mesmo evidenciou como algunhas desas actuacións, lonxe de serviren para o seu fin, deterioraron patrimonio.

No debate producido sobre este asunto no Parlamento de Galiza aprobouse, na sesión de 13 de abril de 2010, unha moción na que se incluíu unha emenda do BNG na que se instaba á Xunta de Galiza a “realizar un plan de intervención do patrimonio eclesiástico, que conteña actuacións a desenvolver neste ámbito, en función de criterios obxectivos e que dote de maior transparencia a xestión dos fondos que se destinan á recuperación e restauración do patrimonio eclesiástico”. Trátase de dar obxectividade as actuacións de restauración financiadas con fondos públicos a fin de garantir a súa eficacia e priorizar en relación coa importancia dos bens e a necesidade de actuacións de mantemento e conservación.

A fin de coñecer o grao de elaboración deste plan, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 10:01
Nº Rexistro: 69034
Data envío: 31/08/2011 10:01:21.156

- 1.^a) En que fase se atopa a elaboración dun Plan de intervención do patrimonio eclesiástico?
- 2.^a) Que metodoloxía se está a seguir para a súa elaboración?
- 3.^a) Que grao de participación de entidades en defensa do patrimonio e expertos nesta materia se ten establecido?
- 4.^a) Cando ten previsto a Xunta de Galiza finalizar este Plan?
- 5.^a) Que dotación económica terá este Plan?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 31/08/2011 9:54:28



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende hai máis dunha década tramítase na Coruña un proxecto de urbanización coñecido como Parque Ofimático. Na súa orixe tentaba ser, coma o seu nome sinala, un parque cun elevada presenza de oficinas e despachos. A evolución da economía aconsellou trocar ese uso inicial por un uso fundamentalmente residencial. O ámbito de actuación ten unha superficie de 346.418 m². Entre os propietarios están institucións como o Concello, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, ADIF, promotores privados e varias cooperativas das que tres mercaron solo ó IGVS. O sistema de actuación é de cooperación, sendo o Concello, a Administración actuante.

O proxecto de reparcelación foi aprobado polo Concello coruñés o 25 de setembro do 2009 con carácter inicial e o 21 de maio do 2010 con carácter definitivo. Posteriormente, o 8 de abril do 2011 foron adxudicadas as obras de urbanización logo do correspondente concurso, sendo asinada a Acta de replanteo o 21 de xuño do 2011. Dende ese momento, que coincide temporalmente co relevo no goberno local, as actuacións atópanse paralizadas, mesmo as das obras de urbanización devanditas.

Aducindo a non dispoñibilidade plena do solo, o Concello acordaba o 29 de xullo do 2011, a suspensión do inicio das obras. Trátase dunha iniciativa discutible por canto a superficie ocupada no momento actual é de 2911 m², o 0'84% do ámbito de actuación.

Debe subliñarse que segundo a lexislación vixente, artigo 118.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, a aprobación definitiva do Proxecto de Reparcelación habilita ó Concello á ocupación dos terreos e bens que sexan de cesión obrigatoria e gratuíta así como daqueles que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con respecto ás vivendas ocupadas, os procesos de indemnización e desaloxo, xa iniciados, están pendentes de remate pola parálise dos servizos municipais, derivada da ausencia de iniciativa oficial. Así, non foron xiradas ós propietarios, as cotas de urbanización, nin rematados os procesos de indemnización, malia a existencia de crédito no orzamento municipal. Nin adoptouse resolución na demanda de reversión presentada por un cativo número de propietarios

A situación descrita afecta a 350 familias cooperativistas, que no seu conxunto desembolsaron 9 millóns de euros e que hoxe non teñen compromiso oficial de inicio das obras. A responsabilidade da Xunta de Galicia, que ofertou os solares a tres cooperativas que non poden materializar a actuación, é evidente e non se resolve con inhibición

Diante desa situación compre coñecer a iniciativa da Xunta de Galicia, administración con intereses directos no desenrolo desa urbanización.

Polo exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que previsións ten a Xunta de Galicia para protexer o dereito dos cooperativistas a ocupar a súa vivenda?
2. Que iniciativas adoptou dende o 21 de xuño pasado?
3. Que posición ten a Xunta de Galicia sobre o proceso de reversión solicitado por algúns propietarios?
4. Cando serán entregadas as parcelas ás cooperativas?
5. Cando serán reiniciadas as obras de urbanización?
6. A empresa pública Xestur Coruña, que criterios trasladou ó Concello da Coruña? Que resposta recibiu?
7. Coñece a Xunta de Galicia que existe crédito suficiente para o proceso de indemnización? Como se explica que non foran xiradas ás cotas de urbanización?



Grupo Parlamentario

8. Respalda a Xunta de Galicia a actuación do Concello da Coruña?


Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 31/08/2011 9:53:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:05
Nº Rexistro: 69046
Data envío: 31/08/2011 11:05:16.692

Á Mesa do Parlamento


María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación de grave contaminación que se ven producindo nos últimos meses no encoro das Conchas.

Desde fai varios meses no encoro das Conchas estamos ante un dos episodios de contaminación máis importante dos que se ten producido en Galiza nos últimos anos, con importantes consecuencias ambientais, sanitarias e tamén económicas.

Durante varios meses, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as únicas actuacións que se realizaron consistiron en encargar análises periódicas co único obxecto de certificar o evidente: que as augas están contaminadas e non son aptas para o baño nin para o consumo doméstico. Nas últimas semanas, e logo das denuncias e mobilizacións impulsadas polos veciños e veciñas do entorno, comezaron a realizarse no encoro traballos para a eliminación dos lodos contaminantes.

Mais, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, esta actuación ademais de tardía resulta claramente insuficiente xa que non incide sobre a orixe da contaminación nin implica a realización de ningunha actuación ou estudo tendente a determinar a orixe desta contaminación e cales son os axentes contaminantes que a motivan. Resulta, polo tanto, evidente que estas actuacións non son dabondo para atallar este problema de forma definitiva.

Este Grupo Parlamentar considera que á vista das consecuencias ambientais e tamén das perdas económicas, debido ao substancial descenso de visitantes que se ten



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:05
Nº Rexistro: 69046
Data envío: 31/08/2011 11:05:16.692

constatado nos concellos de Lobeira, Bande e Muíños, faise imprescindíbel unha implicación decidida do Goberno Galego na resolución desta cuestión en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Administración do Estado, Concellos e veciños e veciñas afectadas.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formulan as seguintes Preguntas para a súa resposta oral ante a Comisión:


- 1.- Tense realizado algunha actuación ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil coa finalidade de establecer algún marco de colaboración para facer fronte ao grave episodio de contaminación que se está a producir no encoro das Conchas?
- 2.- No caso de ser así, cales e con que resultados?
- 3.- Elaborou a Xunta de Galiza algún estudo tendente a determinar cal é a orixe do elemento contaminante que está a producir este episodio?
- 4.- De non ser así, ten previsto realizalo?
- 5.- Que actuacións ten previsto realizar para actuar sobre o fondo do problema e evitar que se produzan novos episodios no futuro?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:05
Nº Rexistro: 69046

Data envío: 31/08/2011 11:05:16.692

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 31/08/2011 10:47:21

Alfredo Suárez Canal na data 31/08/2011 10:47:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 11:16
Nº Rexistro: 69049
Data envío: 31/08/2011 11:16:11.773

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Un incendio de grandes dimensións está a afectar ao vertedoiro de inertes de Campomarzo, en Silleda, provocando a alarma dos veciños da zona.

Debido a que é xa un vertedoiro de inertes activo durante unha década é moi difícil realizar as estimacións do material que se viu afectado polo incendio. Mais, parece confirmado que entre os residuos depositados procedentes da construción atópanse produtos de plástico e poliuretano, que son inflamables e que provocaron unha fumareda visible durante toda a xornada.

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) alertou da “alta toxicidade” do incendio orixinado no vertedoiro industrial, considerado o de maior volume de acollida de restos de obras.

Por estas razóns, formulamos as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron as causas que provocaron o incendio?

2ª) Ten causado ou pode causar este incendio algunha afectación para a poboación do entorno? De ser así, que afectación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) Ten causado ou pode causar algunha consecuencia medioambiental? De ser así, que consecuencia?

4ª) De ser afirmativa a resposta algunha das dúas preguntas anteriores, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para solventar esas afectacións e/ou consecuencias?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 31/08/2011 11:13:41

Teresa Táboas Veleiro na data 31/08/2011 11:13:47

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Soledad Piñeiro Martínez, Encarnación González Montemuíño, Rosa Oubiña Solla, Javier Escribano Rodríguez, Lorena López Rodríguez e Fátima Iglesias Ferreira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**

O novo contrato de operatividade e mantemento dos helicópteros adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia permitirá unha maior operatividade e eficacia no ámbito do salvamento marítimo autonómico ademais dun aforro estimado nuns 2,7 millóns de euros anuais para as arcas públicas.

Este sen dúbida é un novo paso positivo no moi destacado avance que vén experimentando este servizo ao longo da actual lexislatura, de xeito salientable, grazas á contratación dun maior número de profesionais cuxo traballo está a permitir a cobertura das incidencias que poidan ter lugar no conxunto da costa galega, as 24 horas do día, os 365 días do ano, situación que non se daba na pasada lexislatura.

A Consellería do Mar acordou articular un novo sistema ou procedemento de prestación deste servizo público, que implica a venda das súas aeronaves –o *Pesca I* e o *Pesca II*– á futura empresa adxudicataria, que a súa vez asume o compromiso de posta a disposición destes helicópteros en perfecto estado para o seu uso exclusivo pola administración autonómica.

Segundo puido coñecer o Grupo Parlamentario Popular a través deste novo procedemento acádase unha xestión máis eficaz e eficiente deste servizo público, garantindo a súa vez un

funcionamento mellorado e dun xeito menos custoso para os petos de todos os galegos.

Ao mesmo tempo, a devandita modalidade de contratación permitirá nun futuro que a Xunta de Galicia poida requirir ás empresas adxudicatarias que incorporen para Galicia as novidades tecnolóxicas que poidan ter lugar nun ámbito, o dos servizos de salvamento marítimo, no que se está a avanzar a pasos axigantados.

En relación con este asunto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.-) ¿Cales son as vantaxes que poderán acadarse grazas ao novo contrato de operatividade e mantemento dos helicópteros adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia?

2.-) ¿Suporá esta nova modalidade de xestión deste servizo público algún tipo de modificación na operatividade e capacidade de resposta dos helicópteros que nesta lexislatura xa é de 24 horas os 365 días do ano?

Santiago de Compostela , 31 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 31/08/2011 12:01:44

María Soledad Piñeiro Martínez na data 31/08/2011 12:02:03

Encarnación González Montemuíño na data 31/08/2011 12:02:11

Rosa Oubiña Solla na data 31/08/2011 12:02:28

Javier Escribano Rodríguez na data 31/08/2011 12:02:44

Lorena López Rodríguez na data 31/08/2011 12:03:04

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 31/08/2011 12:03:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, M^a José Caride Estevez, Francisco Cerviño González e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

O furtivismo é un vello problema das nosas costas e, sobre todo, das nosas rías. Un vello problema que ten moitas casuísticas que, englobadas todas baixo esa denominación, abrangue situacións que van dende persoas en situación de exclusión social que non ven outra saída que o saqueo das concesións marisqueiras, ate o profesional do mar que, por vulnerar algunha disposición da normativa aplicable a súa actividade, sofre a correspondente sanción. Polo medio hai “profesionais” do furtivismo que se especializan en saquear os recursos como método fácil de obter ingresos, pescadores “deportivos” que estragan os recursos pesqueiros e marisqueiros para a súa comercialización sen ningún tipo de control, turistas e visitantes ocasionais dos areais, e un longo etc que todos os que todos coñecemos.

A Consellería do Mar asignouse o loable obxectivo de erradicar o furtivismo das nosas costas e rías pero os resultados obtidos non parece que teñan acadado o éxito anunciado. Ao longo de mais de dous anos de exercicio do goberno o único resultado que nos amosa a Xunta de Galicia son datos estatísticos -algúns deles mais que cuestionables- sobre o número de artes aprehendidas ou o número de denuncias feitas polos servizos de inspección pesqueira. Pero o problema de fondo non solo non ten remitido se non que parece estar fora de control xa que os datos feitos públicos ao longo deste verán son moi preocupantes en canto o número de episodios e en canto a gravidade dos mesmos nalgún caso.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes Pregunta para a súa repostada oral en Comisión, dirixida á conselleira do Mar

1.^a) Como valora a Xunta de Galicia a evolución do fenómeno do furtivismo, nas nosas costas e rías, no período de Goberno en que Dna. Rosa Quintana está o fronte dos intereses pesqueiros e marisqueiros de



Grupo Parlamentario

Galicia?

2.^a) Da experiencia adquirida durante o período, cantos dos expedientes incoados foron a profesionais do mar e cantos a persoas alleas á actividade pesqueira ou marisqueira?

3.^a) Das denuncias feitas, cantas foron por accións que precisaban dunha embarcación e cantas onde non era necesario?

4.^a) Cantas denuncias se teñen feito a pescadores deportivos por infracción en materia de pesca? cantas a establecementos depuradores, comercializadores ou de hostalaría?

5.^a) Cantos recursos dedica a Xunta de Galicia á persecución, detección e prevención do furtivismo? cantos deles van directamente ás confrarías e ás agrupacións de mariscadores?

6.^a) Como valora a Sra. conselleira os resultados acadados polo seu departamento na resolución deste problema endémico?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
M^a José Caride Estevez
Francisco Cerviño González
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 31/08/2011 12:18:04

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 12:18:08

Francisco Xulio Cerviño González na data 31/08/2011 12:18:18



Grupo Parlamentario

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 12:18:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, Concepción Burgo López e Francisco Cerviño González, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Na reunión do 19 de xuño de 2009, a Comisión 4^a do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade un proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, con emendas dos outros grupos políticos con representación na Cámara, que, literalmente di:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para:

Realizar un estudo e catalogación do conxunto da obra de Man de Camelle nun período non superior a seis meses.

Unha vez realizado o estudo, analizar se procede a inclusión da obra de Man de Camelle como Ben de Interese Cultural (BIC)

Apoiar activamente todas as iniciativas que se promovan para a conservación do conxunto da obra de Man de Camelle

Dende que esta iniciativa foi aprobada polo Parlamento, tense cumprido sobradamente o prazo dado ao Goberno para que realizase o estudo e catalogación do conxunto da obra deste artista sen que, ate o de agora, teñamos noticia algunha do cumprimento deste mandato da Cámara de soberanía do pobo galego.

Mentres, a obra escultórica de Man está sendo devorada polos elementos e o paso do tempo e solo a Fundación Man, o Concello de Camariñas e un animoso grupo de voluntarios tentan preservar o inxente traballo de Manfred Gnädinger.

Diante deste estado de cousas, as deputadas e o deputado asinantes teñen interese en coñecer a resposta da Xunta de Galicia as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1.^a) Ten realizado a Xunta de Galicia un estudo e catalogación do conxunto da obra de Man de Camelle?

2.^a) No caso de que así fose, quen o elaborou?, cales son as súas conclusións?, recomenda declarar BIC o conxunto da obra deste artista?

3.^a) No caso de que non teña feito nin o estudo nin o catálogo da obra de Man, cales son as causas que impediron a Xunta de Galicia incumprir o mandato do Parlamento de Galicia?

4.^a) Que actuacións e accións concretas ten feito a Xunta de Galicia, fóra do mandato do Parlamento, para preservar, conservar e promocionar a obra artística do Alemán de Camelle?

5.^a) E consciente a Xunta de Galicia que, a non declaración de BIC da obra de Man de Camelle, exclúe a esta de moitas posibilidades de subvención que poderían axudar a preservala?

6.^a) Considera a Xunta de Galicia que os mandatos do Parlamento non son dignos de ser incorporados ás políticas que debe executar o Goberno?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Concepción Burgo López
Francisco Cerviño González
Deputadas de deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 31/08/2011 12:20:23

María Concepción Burgo López na data 31/08/2011 12:20:32

Francisco Xulio Cerviño González na data 31/08/2011 12:20:38

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Soledad Piñeiro Martínez, Encarnación González Montemuíño, Rosa Oubiña Solla, Javier Escribano Rodríguez, Lorena López Rodríguez e Fátima Iglesias Ferreira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**

Na súa xuntanza do 26 de maio de 2011 o Consello da Xunta acordou declarar de “interese público de primeira orde” a acuicultura en Galicia. Deste xeito o Executivo galego salienta a importancia desta actividade para a nosa comunidade, impulsa o seu valor e decide integrala na senda do futuro seguindo as directrices da Unión Europea.

Esta declaración implica o apoio público preferente á acuicultura, que se desenvolverá de maneira sustentable nos ámbitos ambientais, económicos e sociais e supón un paso máis para desbloquear a parálise en que se encontraba esta actividade en Galicia.

Tal e como puido constatar o Grupo Parlamentario Popular a Xunta de Galicia xa está a dar pasos notables para acadar a regularización definitiva da acuicultura, e de feito traballa intensamente no Plan Director de Acuicultura de Galicia.

Con esta medida búscase finalmente impulsar o emprego e a produción para atender os mercados internos europeos e a demanda de produtos mariños. Así, e tendo en conta a preocupación da UE polo escaso desenvolvemento da acuicultura, tamén se pretende que Galicia conserve e afiance o seu lugar

punteiro en materia acuícola, un papel posto en risco durante os anos de deficiente xestión do anterior goberno bipartito.

En relación con este asunto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.-) ¿En que consiste, máis polo miúdo, a consideración da acuicultura como de interese público de primeira orde?
- 2.-) ¿ En que cuestións concretas ten previsto materializarse o devandito apoio a este sector estratéxico?
- 3.-) ¿Que beneficios concretos suporá a devandita declaración no ámbito da Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i)?
- 4.-) ¿Cales son as previsións que manexa a Xunta de Galicia no deseño e posta en marcha do Plan Director de Acuicultura de Galicia?

Santiago de Compostela , 31 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 31/08/2011 12:28:20

María Soledad Piñeiro Martínez na data 31/08/2011 12:28:35

Encarnación González Montemuíño na data 31/08/2011 12:28:41

Rosa Oubiña Solla na data 31/08/2011 12:28:55

Javier Escribano Rodríguez na data 31/08/2011 12:29:08



Lorena López Rodríguez na data 31/08/2011 12:29:31

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 31/08/2011 12:29:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ás contratacións realizadas no concello de Ponteareas.

O Goberno municipal do concello de Ponteareas ven de contratar a varios cargos políticos pertencentes ao Partido Popular e membros do anterior equipo de goberno así como outras persoas que conformaron a candidatura deste partido nas últimas eleccións municipais. En concreto foron dúas ex-concelleiras, tres candidatas e outros cargos de dito partido con cargo á Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011.

Cunha práctica xa acostumada neste concello por parte do Partido Popular, estas contratacións superan as anteriores ao non cumprir cos requisitos mínimos esixidos para poder participar neste tipo de programas, ao mesmo tempo que se instrumentaliza unha administración ao servizo de quen goberna e dos seus achegados, impedindo ao conxunto das persoas que están en situación de desemprego, moitas das cales non teñen ningún tipo de prestación económica ou son paradas de longa duración. As cifras neste sentido son moi claras: a finais do mes de xullo había 2.621 persoas rexistradas no paro, das cales 252 son sen emprego anterior ou 235 son menores de 25 anos.

A súa vez non houbo respecto ningún ao principio de publicidade e igualdade de oportunidades para o conxunto das persoas rexistradas como demandantes de emprego, utilizando practicas con informes contrarios ao xeito de proceder, como foi o caso da advertencia de “nulidade” do proceso por parte da secretaria municipal na propia Xunta de goberno municipal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante tamaña transgresión das bases da Orde, o Goberno galego non debe quedar impasíbel nin consentir estas situacións, polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cal é a opinión do Goberno galego sobre a actuación do goberno municipal de Ponteareas no xeito de contratar persoas ao amparo da Orde que establece as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación?.

2ª) Tense dirixido o Goberno galego ao municipal requirindo a reposición da situación ao respecto ás bases da convocatoria?

3ª) A vista dos feitos, cales son as razóns de non actuar o Goberno galego para desfacer esta tropelía?.

4ª) Como vai restituír á situación de igualdade de oportunidades o Goberno galego neste caso e facer respectar as bases da Orde?.

5ª) Cal vai ser a posición do Goberno no caso de que esta situación se manteña?.

Santiago de Compostela, 31 de agosto do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 31/08/2011 12:38:34

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, María Soledad Piñeiro Martínez, Encarnación González Montemuíño, Rosa Oubiña Solla, Javier Escribano Rodríguez, Lorena López Rodríguez e Fátima Iglesias Ferreira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**

Estudos científicos manexados pola Consellería do Mar sinalan que a decisión do anterior Goberno bipartito autonómico de permitir a extracción de ourizo aos afeccionados na Mariña lucense e Ortegal, así como tamén o cambio e inclusión de novas fórmulas de explotación (mediante mergullo), provocou un impacto negativo neste recurso e contribuíu a o seu esgotamento e escaseza, prexudicando dun xeito evidente aos profesionais que participan nas campañas de captura do ourizo.

Este equinodermo é un recurso que precisa dun tempo prolongado de recuperación, de xeito especial, cando como aquí aconteceu, se captura en exceso. Por iso cobra especial relevancia, en opinión do Grupo Parlamentario Popular, a decisión da Consellería do Mar de poñer en marcha un plan de recuperación deste produto que permita incrementar no futuro o seu stock dispoñible.

Non debemos esquecer, ademais que a produción de ourizo de mar goza de gran importancia na Mariña lucense, e en moitas áreas de Galicia e constitúe unha aposta de futuro polo pulo que está a adoptar na gastronomía galega.

En relación con este asunto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:



- 1.-) ¿En que consiste o plan de recuperación do ourizo do Mar que ten previsto poñer en marcha o departamento de asuntos marítimos da Xunta de Galicia?
- 2.-) ¿Quen ten previsto participar no devandito plan de recuperación do ourizo de mar?
- 3.-) ¿Cales son os obxectivos pretendidos mediante este plan por parte da Consellería do Mar?

Santiago Compostela, 31 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 31/08/2011 12:46:42

María Soledad Piñeiro Martínez na data 31/08/2011 12:46:58


Encarnación González Montemuíño na data 31/08/2011 12:47:03

Rosa Oubiña Solla na data 31/08/2011 12:47:17

Javier Escribano Rodríguez na data 31/08/2011 12:47:28

Lorena López Rodríguez na data 31/08/2011 12:47:47

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 31/08/2011 12:48:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 13:01
Nº Rexistro: 69066
Data envío: 31/08/2011 13:01:20.480


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de renovación dos convenios coas confrarías para a recuperación e mellora produtiva do marisqueo nas áreas clasificadas como Zona C.

Após o intento frustrado da Consellaría do Mar de reinstalar todo o marisco procedente de áreas catalogadas como Zona C nunha batea en Xove, retomouse o compromiso de manter, como mínimo até o final do presente ano 2011, os convenios existentes coas confrarías para a recuperación e mellora produtiva dos bancos marisqueiros afectados por esta clasificación.

Neste contexto, é lóxico demandar a sinatura de convenios polo período mínimo de catro meses (isto é, de setembro a decembro, ambos incluídos), a fin de evitar os prexuízos burocráticos e os retrasos derivados de convenios mensuais, en ocasións non asinados. Esta última posibilidade non faría máis que aumentar a incertidume e a preocupación nos centos de mariscadoras e mariscadores afectados, tendo en conta a historia máis recente destes convenios, pois en calquera momento se poderían eliminar, tal e como aconteceu, de xeito unilateral, no mes de agosto.

É deber da Consellaría do Mar contribuír á estabilidade do colectivo de mariscadoras e mariscadores e, daquela, asinar, a restitución no prazo de tempo máis breve posíbel, dos convenios que devolvan a confianza e a seguranza aos afectados.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 13:01
Nº Rexistro: 69066
Data envío: 31/08/2011 13:01:20.480

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Cando se vai asinar a restitución dos convenios coas confrarías para a recuperación e mellora produtiva do marisqueo nas áreas clasificadas como Zona C?

2.^a) Con que confrarías?

3.^a) En que condicións produtivas e retributivas en cada caso?

4.^a) Cal será a súa vixencia temporal?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano


Ana Luisa Bouza Santiago

Deputados e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/08/2011 12:57:53

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/08/2011 12:57:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 13:01
Nº Rexistro: 69066
Data envío: 31/08/2011 13:01:20.480

Ana Luisa Bouza Santiago na data 31/08/2011 12:58:07



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal, Francisco Cerviño González, José Luis Méndez Romeu e Silvia Fraga Santos, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Foi no ano 1943 cando no lugar do Pasaxe do Pedrido se inaugurou unha ponte sobre a ría de Betanzos, que na actualidade soporta o tráfico da estrada AC-164 (Guisamo - Ínsua) ao seu paso polo concello de Bergondo.

Esta ponte de formigón en arco que une os concellos de Bergondo e Paderne nunha vía de comunicación entre a Coruña e Ferrol, foi deseñada polo enxeñeiro Eduardo Torroja, sendo naqueles tempos unha novidade o emprego de formigón armado nunha obra destas dimensións e características.

Despois de moitos anos esta ponte segue prestando o mesmo servizo e facilitando a comunicación entre ámbalas dúas marxes da ría, e soportando unha intensidade de vehículos superior aos 10.000 por día.

Xa fai tempo tanto os veciños lindeiros coa ponte do Pedrido, os bañistas da praia do mesmo nome, así como as autoridades municipais do Concello de Bergondo veñen denunciando a necesidade de proceder a reparación desta infraestrutura viaria, pois os desprendementos son constantes e a necesidade de conservar e manter a súa estrutura evidentes.

Dende novembro de 2010 que a Xunta de Galicia compromete unha serie de actuacións de mellora e rehabilitación desta ponte, non se tiveron noticias dos traballos, nin se procedeu a executar o proxecto prometido. Xa pasaron 9 meses dende o estudo das necesidades e da promesa de actuación.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta a necesidade urxente de reparación desta ponte para seguir prolongando a súa durabilidade no servizo que presta, así como evitar os desprendementos que se producen nesta zona habitada e circundada por unha praia moi utilizada, é polo que os deputados e deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que data se realizaron os traballos de inspección da ponte do Pedrido e cales foron os resultados dos mesmos?
2. Dende fai máis de 9 meses que a Xunta de Galicia asume o compromiso de proceder a urxente reparación desta singular estrutura viaria, cales son as razóns para que a día de hoxe aínda non comezaron os traballos prometidos?
3. En que prazo e que tipo de obras pensa executar a Xunta de Galicia na ponte do Pedrido para prolongar a súa vida útil?
4. Que elementos pensa establecer a Xunta de Galicia para protexer aos veciños e aos usuarios da praia do Pedrido por mor dos desprendementos?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Francisco Cerviño González
José Luis Méndez Romeu
Silvia Fraga Santos
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 31/08/2011 12:18:35



■ Grupo Parlamentario

Francisco Xulio Cerviño González na data 31/08/2011 12:18:40

Jose Luis Méndez Romeu na data 31/08/2011 12:18:43

Silvia Belen Fraga Santos na data 31/08/2011 12:18:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Nesta lexislatura estase a producir un importante incremento do endebedamento público, tanto do recoñecido contablemente como do comprometido, a través dos contratos de financiamento público privado.

Este rápido incremento da débeda pública traslada as decisións presentes sobre as xeracións futuras polo que resulta imprescindible coñecer para que, como, con que garantías, con que efecto sobre a produtividade e que beneficio social teñen os gastos ou investimentos.

O peso da carga dos compromisos de pago aprazados, sexan débeda pública ou fórmulas de colaboración público privados, incrementábase tanto debido o incremento absoluto do seu volume como polo incremento do seu custe, situación que limita de xeito claro o marxe de manobra das vindeiras lexislaturas.

A importancia de coñecer a evolución, o destino e o custe das decisións de pago aprazado levan ás deputadas e aos deputados asinantes a formular a seguinte pregunta:

Que efecto está a producir este incremento da débeda pública galega sobre o acceso ao crédito das familias e empresas galegas?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo



Grupo Parlamentario

Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 13:35:48

Ismael Rego González na data 31/08/2011 13:35:57

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/08/2011 13:36:02

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 13:36:11



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Nesta lexislatura estase a producir un importante incremento do endebedamento público, tanto do recoñecido contablemente como do comprometido, a través dos contratos de financiamento público privado.

Este rápido incremento da débeda pública traslada as decisións presentes sobre as xeracións futuras polo que resulta imprescindible coñecer para que, como, con que garantías, con que efecto sobre a produtividade e que beneficio social teñen os gastos ou investimentos.

O peso da carga dos compromisos de pago aprazados, sexan débeda pública ou fórmulas de colaboración público privados, incrementábase tanto debido o incremento absoluto do seu volume como polo incremento do seu custe, situación que limita de xeito claro o marxe de manobra das vindeiras lexislaturas.

A importancia de coñecer a evolución, o destino e o custe das decisións de pago aprazado levan ás deputadas e aos deputados asinantes a formular a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego da evolución da cualificación outorgada á débeda galega por diferentes axencias de cualificación?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo



Grupo Parlamentario

Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 13:27:05

Ismael Rego González na data 31/08/2011 13:27:10

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/08/2011 13:27:15

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 13:27:22



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**

Os datos da contabilidade rexional veñen de confirmar o débil ritmo de crecemento da economía galega e a perda de converxencia fronte a economía española. Esta lexislatura vén caracterizada pola perda de ritmo de converxencia de Galicia fronte a España, situación que se intensifica nos últimos tres trimestres nos que Galicia amosa un menor crecemento interanual que a economía española.

Esta situación resulta especialmente preocupante xa que evidencia que a política económica do Goberno galego non contribúe a paliar a situación de crise, mais vén o contrario, está a obter peores resultados que os da economía nacional. Por outra banda, a evolución do PIB é claramente inferior á previsión do Goberno galego para este ano, o que leva implícito un maior deterioro das cifras de emprego en Galicia.

Ante este panorama da economía e do emprego, atopamos un Goberno de brazos caídos, mais preocupado de facer campaña electoral para as vindeiras eleccións xerais que de corrixir a súa estratexia económica e apoiar ás familias e empresas. Un Goberno que se desentende dos 580.000 galegos no borde da pobreza, da perda de actividade do sector industrial, das dificultades de acceso ao crédito para familias e empresas, mais empeñado en maquillar os datos que en abordar e resolver os problemas dos galegos.

Diante deste deterioro da economía galega as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Que valoración fai o Goberno galego da actual situación económica?

2.^a) Que previsión de crecemento da economía e do emprego mantén



Grupo Parlamentario

o Goberno galego para este ano 2011?

3.^a) Como valora o Goberno galego a situación da actividade industrial galega?

4.^a) Cree o Goberno galego que a súa política económica responde ás necesidades de Galicia, procura a reactivación da economía e do emprego e responde ao cumprimento da súa promesa electoral de resolver a crise?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 13:30:45

Ismael Rego González na data 31/08/2011 13:30:49

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/08/2011 13:30:55

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 13:31:03



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Nesta lexislatura estase a producir un importante incremento do endebedamento público, tanto do recoñecido contablemente como do comprometido, a través dos contratos de financiamento público privado.

Este rápido incremento da débeda pública traslada as decisións presentes sobre as xeracións futuras polo que resulta imprescindible coñecer para que, como, con que garantías, con que efecto sobre a produtividade e que beneficio social teñen os gastos ou investimentos.

O peso da carga dos compromisos de pago aprazados, sexan débeda pública ou fórmulas de colaboración público privados, incrementábase tanto debido o incremento absoluto do seu volume como polo incremento do seu custe, situación que limita de xeito claro o marxe de manobra das vindeiras lexislaturas.

A importancia de coñecer a evolución, o destino e o custe das decisións de pago aprazado levan ás deputadas e aos deputados asinantes a formular as seguintes preguntas:

1.^a) Ca é a evolución, o destino e o custe do endebedamento público galego?



Grupo Parlamentario

2.ª) Á luz dos datos anteriores como cualificaría a situación actual das finanzas galegas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/08/2011 13:32:33

Ismael Rego González na data 31/08/2011 13:32:37

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/08/2011 13:32:41

José Manuel Gallego Lomba na data 31/08/2011 13:32:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 13:55
Nº Rexistro: 69090
Data envío: 31/08/2011 13:55:01.996

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Desde o verán de 2009 o Goberno galego sigue unha política aeroportuaria incoherente e chea de improvisacións. Nun primeiro momento o propio Núñez Feijóo asumiu persoalmente a transformación dos aeroportos galegos nun aeroporto único. Esta afirmación materializouse, por unha banda, nunha negociación unilateral coas liñas de baixo custe sen ter presente as demandas dos concellos e, por outra, nunha defensa do Comité de Rutas Aéreas como órgano encargado da coordinación dos tres aeroportos.

Nestes dous anos fixéronse fortes inversións económicas na promoción das liñas de baixo custe, fundamentalmente á compañía Vueling . Tamén se estableceron prioridades desde o Comité de Rutas que non tiñan presente a imprescindible coordinación entre aeroportos e as necesidades das cidades. Incluso a propia Consellaría non prestou a suficiente atención á importancia do tráfico de mercadorías. Esta situación lévanos a unha situación na que temos uns datos do turismo no 2011 en negativo -moi por debaixo do incremento na media do Estado español no que as pernoctacións en xullo aumentan un 7,7% e aquí descenden un 5,09%- e ao perigo de que algún aeroporto vexa decrecer non só o número de pasaxeiros, senón tamén, o volume de tráfico de mercadorías. Estas razóns levan a que o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego considere sorprendente, e un tanto errático, que o propio



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 13:55
Nº Rexistro: 69090
Data envío: 31/08/2011 13:55:01.996

Conselleiro de Infraestruturas decida eliminar o Comité de Rutas que tanto defendeu durante dous anos.

O certo é que o Goberno galego non realizou ningunha acción concreta para o deseño dun plan estratéxico para o desenvolvemento do tráfico aéreo cun horizonte temporal amplo que contemplara a necesaria coordinación eficaz entre rutas e as frecuencias aos principais aeroportos do Estado español e de Europa, tendo presente as necesidades dos sectores produtivos galegos. Tampouco foi quen de desenvolver campañas conxuntas con turoperadores, axencias de viaxes ou o sector hostaleiro-restaurador para promocionar novos destinos. E esqueceu calquera intento por potenciar o tráfico de mercadorías, coa especialización dun dos tres aeroportos e a dotación dunha alfándega co fin de captar tráfico internacional. Asemade, o propio Partido Popular mostraba o desleixo polo futuro aeroportuario galego votando en Madrid contra a transferencia a Galiza en materia aeroportuaria e contra a proposta de crear un órgano consorciado de xestión.

Por isto, é ante o anuncio de eliminar o Comité de Rutas que tanto se louvou durante estes anos, consideramos necesario formular as seguintes preguntas:

1. Que política aeroportuaria pensa seguir o Goberno galego logo do fracaso da proposta de Núñez Feijóo de aeroporto único?
2. Se o Goberno galego considera inútil o Comité de Rutas que defendeu estes dous últimos anos, como pensa coordinar os tres aeroportos e mellorar o tráfico de mercadorías?
3. Ten pensado o Goberno galego apoiar a instalación de bases e centros permanentes das principais compañías aéreas en Galiza co fin de asentar unha



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2011 13:55
Nº Rexistro: 69090
Data envío: 31/08/2011 13:55:01.996

estrutura estábel de operacións de transporte aéreo?

4. De non ser este o caso, pensa seguir a política de que cada ano no mes de setembro se descoñezan as rutas que estarán operativas desde os aeroportos galegos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Teresa Táboas Veleiro
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 31/08/2011 13:51:58

Teresa Táboas Veleiro na data 31/08/2011 13:52:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 69095
Data envío: 31/08/2011 14:05:34.718

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á entrada en vigor do Real Decreto 1039/2011 e a súa aplicación na Galiza.


O pasado 15 de Xullo o Goberno español aprobou o Real Decreto 1039/2011, polo que se establecen criterios para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias do “Sistema Nacional de Saúde” (SNS) que ven de entrar en vigor.

O Real decreto establece un límite de 180 días de espera para determinadas intervencións cirúrxicas contando dende o día en que se rexistra a/o doente na lista de espera. Será de obrigado cumprimento para as intervencións de cirurxía cardíaca valvular e coronaria, cataratas, prótese de cadeira e xeonllo.

As comunidades autónomas teñen un prazo de 6 meses para adaptar as súas normativas ás garantías que establece este Real Decreto.

Ante a falta de información por parte do Goberno galego sobre esta cuestión, o Grupo parlamentar do BNG realiza a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión.

Que actuacións está a realizar o Goberno galego para garantir o cumprimento dos prazos de espera máximos que establece o Real Decreto 1039/2011?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 69095

Data envio: 31/08/2011 14:05:34.718

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 31/08/2011 14:03:30

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta para a súa tramitación, a seguinte **Pregunta oral en Comisión para o seu debate na Comisión 7ª**.

Recentemente apereceron centenaes de troitas mortas no río Ulla ao seu paso polo término municipal de Monterroso, desastre ecolóxico con consecuencias graves para un río no que se leva traballando durante anos para conseguir que houbera troitas autóctonas.

Según as primeiras informacións, lévanse retirado da auga, nun tramo de kilómetro e medio uns 1350 exemplares destes salmónidos que presumiblemente morreron por un posible fallo na Depuradora de Augas Residuais Monterrosina. A consecuencia dunha obstrución nos conductos de augas residuais, estas foron a parar ao río provocando a contaminación orgánica a falla de osíxeno aos peixes.

En relación a este asunto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Qué accións está a levar adiante a Consellería de Medio Rural en relación a morte das troitas aparecidas no río Ulla ao seu paso polo Concello de Monterroso?

2.- ¿Cal é o destino das troitas mortas recollidas no río Ulla?

3.- ¿Ten pensado a Xunta de Galicia contribuir a repoboación de troitas autóctonas neste treito do río Ulla?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2011

Asinado dixitalmente por:

Maria Emma Álvarez Chao na data 31/08/2011 14:50:52

Maria Isabel García Pacín na data 31/08/2011 14:51:02

Antonio Fraga Sánchez na data 31/08/2011 14:51:10

Yolanda Díaz Lugilde na data 31/08/2011 14:51:16

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 31/08/2011 14:51:28

Enrique Novoa López na data 31/08/2011 14:51:37

Rosa Oubiña Solla na data 31/08/2011 14:52:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2011 09:57
Nº Rexistro: 69115
Data envío: 01/09/2011 09:57:07.936


Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e María Tereixa Paz Franco, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao uso dun helicóptero do servizo de extinción de incendios por parte do alcalde de Santiago de Compostela.

O pasado mes de xullo, o concello de Santiago promoveu a candidatura da Cidade da Cultura - que supostamente naceu para cumprir unha finalidade cultural- para celebrar as semifinais da Copa Davis neste espazo. Sen entrar no oportuno ou inoportuno desta proposta, hai un aspecto relacionado con estes feitos que nos parecen moi graves e requiren de aclaración en sede parlamentaria. Referímonos ao uso dun helicóptero do servizo de extinción de incendios para trasladar ao monte Gaiás ao equipo da Federación Internacional de Tenis e ao alcalde de Compostela.

Segundo a información recadada polo noso grupo, o helicóptero empregado é o que ten base en Castromaior, instalación xestionada pola empresa pública Seaga e integrada no servizo de extinción de incendios. É gravísimo, e unha irresponsabilidade, que en pleno período de máximo risco de incendios os medios aéreos non estean plenamente dispoñíbeis para o fin polo que foron contratados. De feito, segundo información que se ten feito pública, a aeronave foi requirida durante esta viaxe para atender as labores de extinción dun lume.

O prego de cláusulas polas que se contratan este tipo de servizos establecen que as aeronaves realizan un servizo en exclusiva para a Consellaría de Medio Rural. O



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2011 09:57
Nº Rexistro: 69115
Data envío: 01/09/2011 09:57:07.936

incumprimento desta exclusividade podería dar lugar a sancións á empresa adxudicataria, a non ser, que o propio Director Xeral de Montes autorizara o seu uso para outros fins. De ser este o caso, debe dar explicacións no Parlamento das causas que levaron a que se prescindira en plena época de risco de medios aéreos, cando estes son básicos á hora de realizar as tarefas de extinción.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Autorizou a Xunta de Galiza o uso dun helicóptero do servizo de extinción de incendios para trasladar ao Monte Gaiás ao alcalde de Santiago e aos técnicos da Federación Internacional de Tenis o pasado 26 de xullo?
- 2.ª) En caso negativo, e ante as noticias que apareceron nos medios, investigou a Xunta de Galiza se a empresa adxudicataria deste servizo empregou as aeronaves para fins diferentes aos das labores de extinción de incendios?
- 4.ª) Que accións se derivan desas averiguacións?


Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

María Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2011 09:57
Nº Rexistro: 69115

Data envío: 01/09/2011 09:57:07.936

Ana Belén Pontón Mondelo na data 31/08/2011 14:14:11

María Tereixa Paz Franco na data 31/08/2011 14:14:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2011 10:36
Nº Rexistro: 69121
Data envío: 01/09/2011 10:36:25.110

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos patrocinios da Cidade da Cultura.

No Consello da Xunta de Galiza, celebrado o pasado 9 de xullo, presentouse un informe sobre o programa cultural da Cidade da Cultura. Na nota remitida aos medios informábase de que a Cidade da Cultura vai apoiar, a través de patrocinios e outras fórmulas de colaboración, proxectos promovidos por outras institucións e axentes culturais.

Dábase conta de que os proxectos que ían estar patrocinados pola Cidade da Cultura eran “A ópera dos tres reás”, dous concertos de Luz Casal e a presenza en Santiago de Compostela de Cirque du Soliel co espectáculo “Alegría”.

Ao BNG parécelle ben a colaboración con entidades e outras institucións, mais sorprende que a Cidade da Cultura, deficitaria de financiamento e sen viabilidade económica propia, sufrague este tipo de actividades. Máxime, cando non proxectan a Cidade da Cultura nin contribúen á consolidación dun proxecto cultural xenuíno e baseado na nosa propia cultura.

Por outra banda, non se explica como se van a establecer este tipo de patrocinios, nin que criterios vai seguir a Cidade da Cultura á hora de seleccionar as entidades coas que vai colaborar.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas:


- 1.^a) Que cantidades destinou a Cidade da Cultura aos patrocinios que se citan na parte expositiva?
- 2.^a) De onde proveñen estes fondos?
- 3.^a) Que análise da rendabilidade destes patrocinios ten realizado a Cidade da Cultura?
- 4.^a) Que criterios obxectivos se empregaron á hora de facer esta selección?
- 5.^a) Hai algunha liña estratéxica recollida nalgún documento sobre os criterios e obxectivos dos patrocinios a cargo da Cidade da Cultura?
- 6.^a) Que outras liñas de colaboración se van empregar?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 01/09/2011 10:29:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á solicitude de demandantes de emprego polo concello de Ponteareas para os programas de cooperación.

A Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011, establece no seu Artigo 13, apartado 2, que ás **“entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo Nacional de Ocupacións -CNO-**

O concello de Ponteareas, que resultou ser unha das entidades beneficiarias desta orde remitiu á oficina pública de emprego diversas solicitudes, tal e como marca a Orde, ao obxecto de dispoñer das persoas e realizar unha selección para prover a ocupación das prazas que pretendía ocupar. A relación das prazas, nun total de corenta e oito foi tal e como sigue:




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Denominación praza	Nº. Prazas	C N O
ADMINISTRATIVO REXISTRO XERAL	1	45001019
MONITOR LUDOTECA	1	37151038
ANIMADOR SOCIOCULTURAL	1	
AXUDANTE DE COCIÑA	1	93101024
FPII XARDÍN DE INFANCIA	3	22521013
FISIOTERAPEUTA	1	21521010
AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	4	57101013
AUXILIAR DE CLÍNICA	4	56111013
CAMAREIRA LIMPIADORA (CON 94.431.025)	3	92101038
PEÓN XARDINERÍA (revaloriz. Esp públs) N 61.201.039)	5	95121019
PEÓN MEDIO AMBIENTE	5	95121019
PEÓN SERVIZO DE INCENDIOS	3	59321013
PEÓNS VÍAS E OBRAS	5	94431025
PEÓN ELECTRICISTA	2	97001038
PEÓNS VÍAS E OBRAS 1prazas conceden 2?	1	
PEÓNS XERAL (Varredores)	4	94431016
PEÓN DE LIMPEZA (Varredores)	3	94421016
OFICIAL ELECTRICISTA	1	
	48	



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado que non todas as persoas tiveron a mesma oportunidade de acceder a ditas prazas, e polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:


- 1ª) Cantas persoas en total foron remitidas por cada unha das prazas referenciadas?.
- 2ª) Cales son as antigüidades e data de anotación no rexistro das persoas remitidas pola oficina pública de emprego por cada unha das prazas referenciadas?
- 3ª) Cantas persoas en total estaban rexistradas por cada unha das prazas referenciadas?.
- 4ª) Existían persoas con antigüidades superiores ás remitidas en cada unha das prazas referenciadas?. De ser certo, cantas por cada unha destas prazas?.
- 5ª) Cal era o número de persoas por cada unha das prazas referenciadas e dos criterios contemplados no Artigo 14, apartado catro da Orde do 30 de decembro de 2010?.

Compostela, 1 de setembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 01/09/2011 13:23:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Ana Luísa Bouza Santiago, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á posíbel implantación dunha fabrica de motocicletas nas Pontes.

Tras vintecinco anos desaparecida do mercado, a principios do ano pasado a empresa catalá fabricante de motocicletas Ossa recuperaba a súa actividade produtiva mediante a fabricación de maquinas para trial e con grandes expectativas de negocio para recobrar aquelas primeiras posicións en canto a venda de marcas, pois foi das máis vendidas en todo o mundo entre 1940 e 1984 e con éxitos nos circuitos de carreiras.

Hoxe non so é unha realidade, senón que tamén necesita dunha ampliación da súa capacidade de fabricación ante o incremento de novos pedidos. E aínda que no seu momento apostaron por Cataluña, a falla de interese do goberno catalán están na busca doutras posíbeis implantacións que dean resposta ás súas necesidades. O seu director xeral afirmou que estaban dispostos a desmantelar a planta que teñen en Girona e traer toda a súa produción á localidade das Pontes pero insiste que “a Xunta é a que ten mover ficha”.

Esta localidade, manifestamente afectada por decisións que teñen afectado ás actividades económicas alí asentadas e, como consecuencia, ao emprego, posúe as infraestruturas necesarias para que esta empresa se poida asentarse, máis necesita unha actuación decidida por parte do Goberno galego para a súa decantación final por As Pontes. Si “o problema non é de solo nin de subvencións” como asegura o empresario, senón de apoio na busca de financiamento e polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego sobre as intencións de implantarse a fabrica de motocicletas Ossa nas Pontes?.

2ª) Non lle parece ao Goberno a súa implantación neste concello un revulsivo importante para a súa implicación?.

3ª) Ten feito xestións para que a empresa tome a decisión de implantares neste concello?. De ser certo cales foron e os seus resultados?.

4ª) Que posibilidades existen de que este proxecto sexa unha realidade nas Pontes?.

5ª) Que medidas e en que prazos vai tomar o Goberno para efectivizar dita implantación?.

Compostela, 1 de Setembro do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 01/09/2011 13:26:22

Ana Luisa Bouza Santiago na data 01/09/2011 13:26:27



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal e María Quintas Alvarez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

A Consellería de Infraestruturas vén de anunciar unha medida que xa leva tempo poñendo en práctica: o recorte na execución das infraestruturas de comunicación que aínda quedan pendentes no noso país. Neste caso lle toca a Ourense.

Segundo anunciou publicamente o conselleiro responsable das Obras Públicas, os recortes previstos afectarán dun xeito singular as obras conveniadas con outras administracións, en concreto a Provincial e Municipal. Sobre todo aquelas que teñan dificultades á hora de poñer a disposición os terreos para as distintas actuacións que se están executando ou pendentes de executar.

Pois ben, nesta categoría se encontra unha estrada cuxa titularidade ostenta a Deputación Provincial de Ourense e que leva proxectada a súa construción dende o ano 1996, e a día de hoxe que está a penas empezada vese ameazada de paralización.

A folla de ruta desta estrada que vai comunicar os Concellos de Coles e A Peroxa coa N-525 en Gastei e a N-120 nos Peares continúa cun convenio frustrado e nunca executado, que se asinou no ano 2004 por un importe de 1.000.000 de euros.

Foi o 23 de decembro de 2009 cando o Consello da Xunta de Galicia autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Ourense para o acondicionamento e novo trazado da estrada Gastei – Os Peares. O reparto da cofinanciación era dun 70% a Xunta de Galicia e o 30 % restante a administración provincial titular da vía de comunicación.



Grupo Parlamentario

A achega económica comprometida era de 2.830.000 € repartidos en tres anualidades entre os anos 2010 – 2011 e 2012 e a súa finalidade era rematar as obras de mellora desta estrada provincial (OU-0502) entre Gustei e A Peroxa cunha lonxitude de 10,5 quilómetros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Publicada a licitación no BOP de Ourense o xoves 7 de outubro de 2010 e logo dunha desistencia da convocatoria por erros no expediente, aparece por dúas veces anunciada tamén no DOG de data 23 de setembro e do 8 de outubro de 2010 o anuncio de licitación desta obra, en concreto o treito Gustei – Ponte da Barra.

No mes de novembro de 2010 se produce a adxudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación da execución da obra “acondicionamento da estrada provincial Gustei (N-525) – Os Peares (N-120). Tramo Gustei – Ponte da Barra”. O importe da adxudicación ascendeu a 2.178.715,52 euros, incluíndo unhas melloras por un importe de 301.839,52 euros. En data 9 de decembro de 2010 anúnciase no BOP a formalización do contrato, a empresa adxudicataria das obras, o importe das mesmas e o prazo de execución de 18 meses.

Transcorridos nove meses dende a data no que formalmente comezaron as obras, estas a día de hoxe encóntranse paralizadas e nun estado de execución mínimo, que fai previsible un incumprimento flagrante do prazo de execución das mesmas.

Así en máis da metade do seu trazado, aínda non se acometeu ningún tipo de actuación no que se refire a movemento de terras, só hai un treito de dous quilómetros aglomerado e asfaltado e aínda a día de hoxe se están a expropiar os terreos necesarios para ser ocupados e poder proseguir coa construción deste vial de comunicación. Aínda se publicou no BOP de Ourense de data 10 de agosto de 2011 a relación de propietarios, bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución desta obra, así como o proxecto técnico da mesma.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta o devir dos acontecementos e os inquietantes anuncios sobre paralizacións e recortes realizados pola actual Goberno de Galicia, e polo que en relación con esta prolongada actuación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo en conta a necesidade imperiosa de que tanto o Concello de Coles pero sobre todo o da Peroxa contén unha comunicación decente coa capital da provincia que leva máis de 15 anos planificada, programada e comprometida, que noticias ten a Xunta de Galicia sobre a execución destes traballos?
2. Que tipo de control e supervisión está exercendo a consellería responsable sobre unha obra que atravesou por múltiples vicisitudes e que está sendo financiada con fondos públicos autonómicos nun 70% do seu orzamento?
3. Como se verá afectada esta obra, logo do anuncio realizado pola Consellería de Infraestruturas, á hora de seguir investindo nunha actuación que a día de o hoxe aínda ten os terreos sen expropiar e ocupar, para poder rematar cós traballos de construción?
4. Son verídicos os datos da cartelería que anuncia os traballos de execución desta actuación?
5. Que criterios está a utilizar a Xunta de Galicia á hora de acometer obras e de achegar investimentos en estradas que son propiedade da Deputación de Ourense e dos diferentes concellos da provincia?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

María Quintas Alvarez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 01/09/2011 11:22:56

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 01/09/2011 11:23:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Abel Losada, Carmen Gallego Calvar, Manuel Gallego Lomba, José Luís Méndez Romeu, Ismael Rego González e Carmen Acuña do Campo e, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Os traballadores da empresa Bernardo Alfageme S.A., en procedemento concursal 69/2010, levan tempo amosando a súa preocupación pola resolución deste procedemento. Neste caso, mais aló do interese que a Administración autonómica debería ter polo futuro dos traballadores e a actividade desta empresa, a Xunta de Galicia e parte decisiva do concurso a través do IGAPE, como consecuencia da execución de diversas operacións bancarias avaladas por dito organismo, polo que é acredor de Bernardo Alfageme S.A.

En garantía de dita débeda o IGAPE dispón de diversas hipotecas sobre bens e dereitos de Bernardo Alfageme S. A., cunha responsabilidade hipotecaria total garantida en concepto de principal que ascende a 29.373.404,58 €.

Por este motivo, o IGAPE presenta as condicións de novación de débeda garantida con determinadas hipotecas a favor do IGAPE, que subscribiría o Instituto co adquirente dos bens hipotecados.

Ante a preocupación dos traballadores e as súas familias, sobre o futuro dos seus postos de traballo, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1.^a) En que situación se atopa este proceso concursal?

2.^a) Que medidas está a desenvolver o Goberno galego para que a solución de este proceso concursal garanta o emprego aos traballadores de “Bernardo Alfageme S.A.”?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Abel Losada Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Manuel Gallego Lomba
José Luís Méndez Romeu
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 01/09/2011 13:57:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/09/2011 13:57:05

Carmen Gallego Calvar na data 01/09/2011 13:57:11

José Manuel Gallego Lomba na data 01/09/2011 13:57:21

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/09/2011 13:57:25

Ismael Rego González na data 01/09/2011 13:57:34

María del Carmen Acuña do Campo na data 01/09/2011 13:57:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Abel Losada, Carmen Gallego Calvar, Manuel Gallego Lomba, José Luís Méndez Romeu, Ismael Rego González e Carmen Acuña do Campo e, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Os traballadores da empresa Bernardo Alfageme S.A., en procedemento concursal 69/2010, levan tempo amosando a súa preocupación pola resolución deste procedemento. Neste caso, mais aló do interese que a Administración autonómica debería ter polo futuro dos traballadores e a actividade desta empresa, a Xunta de Galicia e parte decisiva do concurso a través do IGAPE, como consecuencia da execución de diversas operacións bancarias avaladas por dito organismo, polo que é acredor de Bernardo Alfageme S.A.

En garantía de dita débeda o IGAPE dispón de diversas hipotecas sobre bens e dereitos de Bernardo Alfageme S. A., cunha responsabilidade hipotecaria total garantida en concepto de principal que ascende a 29.373.404,58 €.

Por este motivo, o IGAPE presenta as condicións de novación de débeda garantida con determinadas hipotecas a favor do IGAPE, que subscribiría o Instituto co adquirente dos bens hipotecados.

Ante a preocupación dos traballadores e as súas familias, sobre o futuro dos seus postos de traballo, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) Cree o Goberno galego que a oferta presentada pola empresa “Conservas Consorcio Galego S.L” reúne as garantías suficientes, a experiencia e o capital para facerse cargo do proxecto empresarial de Bernardo Alfageme S.A.?

2.^a) Que condicións ten previsto impoñer o IGAPE o posible comprador para concederlle unha liña de crédito?

3.^a) como valora o Goberno galego que o posible comprador de Bernardo Alfageme S.A. poda liquidar a hipoteca do IGAPE aboando 1€?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Abel Losada Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Manuel Gallego Lomba
José Luís Méndez Romeu
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 01/09/2011 13:58:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/09/2011 13:58:27

Carmen Gallego Calvar na data 01/09/2011 13:58:32

José Manuel Gallego Lomba na data 01/09/2011 13:58:38

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/09/2011 13:58:43

Ismael Rego González na data 01/09/2011 13:58:47

María del Carmen Acuña do Campo na data 01/09/2011 13:58:52



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Abel Losada, Carmen Gallego Calvar, Manuel Gallego Lomba, José Luís Méndez Romeu, Ismael Rego González e Carmen Acuña do Campo e, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Os traballadores da empresa Bernardo Alfageme S.A., en procedemento concursal 69/2010, levan tempo amosando a súa preocupación pola resolución deste procedemento. Neste caso, mais aló do interese que a Administración autonómica debería ter polo futuro dos traballadores e a actividade desta empresa, a Xunta de Galicia e parte decisiva do concurso a través do IGAPE, como consecuencia da execución de diversas operacións bancarias avaladas por dito organismo, polo que é acredor de Bernardo Alfageme S.A.

En garantía de dita débeda o IGAPE dispón de diversas hipotecas sobre bens e dereitos de Bernardo Alfageme S. A., cunha responsabilidade hipotecaria total garantida en concepto de principal que ascende a 29.373.404,58 €.

Por este motivo, o IGAPE presenta as condicións de novación de débeda garantida con determinadas hipotecas a favor do IGAPE, que subscribiría o Instituto co adquirente dos bens hipotecados.

Ante a preocupación dos traballadores e as súas familias, sobre o futuro dos seus postos de traballo, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión.



Grupo Parlamentario

1.ª) Que valoración fai o Goberno galego das perspectivas de futuro de Bernardo Alfageme S.A.?

2.ª) Cree o Goberno galego que a Xunta ten garantido o cobro dos mais de 29 millóns de euros dos que é acreedor?

3.ª) Garante o Xunta de Galicia a transparencia e igualdade de trato dos ofertantes presentados?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Abel Losada Álvarez
Carmen Gallego Calvar
Manuel Gallego Lomba
José Luís Méndez Romeu
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 01/09/2011 14:00:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/09/2011 14:00:59

Carmen Gallego Calvar na data 01/09/2011 14:01:37

José Manuel Gallego Lomba na data 01/09/2011 14:01:46

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/09/2011 14:02:08

Ismael Rego González na data 01/09/2011 14:02:16



Grupo Parlamentario

María del Carmen Acuña do Campo na data 01/09/2011 14:02:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Varela Sánchez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A CRTVG, desde que vostede a dirixe, baixou os presupostos anuais, recurtou os soldos dos traballadores, reduciu unidades informativas, mermou as asignacións ó sector audiovisual galego, baixou todo....mesmo a audiencia e a credibilidade. Menos estes dous últimos conceptos, esa redución vense facendo en aras á consabida consigna de austeridade lanzada desde a Presidencia da Xunta de Galicia. Pero a austeridade, tanto na Xunta como na CRTVG, non vale con predicala, hai que aplicala. E parece que NON sempre se fai. Cando menos non se fai en canto se refire aos actos da Igrexa católica.

Recentemente, a TVG sacou a concurso público a contratación da retransmisión semanal da misa que se emite os domingos pola mañá. No anterior contrato, ese espazo custaba á TVG (aínda está custando se non me equivoco) 155 mil euros anuais.

Curiosamente, en tempos de austeridade, no concurso que saca a TVG estipúlase que se pagarán 234 mil euros anuais, é decir 79 mil euros máis ca o que se está pagando. Tamaña xenerosidade non se está vendo noutros programas, que conxelado ou mesmo reducido o seu presuposto.

O fío do exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Adxudicouse xa a retransmisión da misa? En caso de resposta positiva a quen e por que contía?
2. Como se xustifica a excepcionalidade que supón aumenta-lo custo da misa dominical, cando se está reducindo gastos noutros programas ou en persoal?



Grupo Parlamentario

3. É máis importante a misa dos domingos para a TVG que, por exemplo, os programas de información electoral das pasadas municipais, que se suprimiron nas desconexións locais alegando que suporían un custo insoportable?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2011

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Varela Sánchez na data 29/07/2011 9:58:01



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Varela Sánchez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un dos produtos de maior éxito da TVG está sendo a Liga de Campións de Fútbol, que quedara xa asinada polo anterior equipo directivo. Os dereitos para emitir encontros en directo e resumos expiran co remate desta nova temporada e a TVG quedou fóra da nova adxudicación, que foi para a Televisión Española e a TV Autònómica de Cataluña. Esas dúas canles poxaron xuntas polos dereitos e conseguiron a adxudicación deste produto de audiencias masivas.

Ante este novo escenario, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Hai aínda posibilidades de negociar cos novos adxudicatarios a emisión de partidos en directo?
2. Por que TV3 vai compartir ca Española os partidos da Champions e a Galega non puido facer o mesmo: puxar xuntas polo novo contrato?
3. En caso de que os galegos quedemos sen Champions en galego, ten valorado a repercusión negativa na audiencia, nos ingresos publicitarios e mesmo no prestixio da canle?
4. A perda da Champions cómo afectará á programación e a estrutura de deportes da TVG?

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2011

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Varela Sánchez na data 29/07/2011 9:58:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Varela Sánchez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Cales son os criterios da RTVG para a realización de gastos en reparación e mantementos nos distintos equipos tanto móbiles como técnicos da RTVG?

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2011

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Varela Sánchez na data 29/07/2011 10:00:11



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia


- 1.^a) Cal é o custo do inserto publicitario da CRTVG do pasado día 6 de agosto na prensa escrita?
- 2.^a) En que medios foi insertada a publicidade da CRTVG o pasado día 6 e cal é o seu custe desglosado por medio e anuncio?

Pazo do Parlamento, 8 de agosto de 2011-08-08

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 08/08/2011 12:16:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2011 13:03
Nº Rexistro: 68728
Data envío: 08/08/2011 13:03:25.570

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Isabel Sánchez Montenegro, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa á publicitación das touradas nos medios de comunicación de titularidade pública.


O pasado 4 de agosto o programa “A Solaina de Verán”, da Televisión de Galiza, publicitaba a realización de touradas no Concello de Muíños. Contrasta o labor de difusión deste evento, por parte dun medio de comunicación de titularidade pública, co rexeitamento maioritario que as touradas provocan na maioría do pobo galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.

1.^a) Cales foron as informacións, entrevistas, etc., vinculadas á publicitación de touradas na Galiza, que foron emitidas no ano 2011 en programación da TVG e Radio Galega?

2.^a) En que programa, data e tempo utilizado en cada caso?

3.^a) Ten previsto a CRTVG continuar con esta política de apoloxía das touradas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2011 13:03
Nº Rexistro: 68728

Data envío: 08/08/2011 13:03:25.570

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Isabel Sánchez Motenegro

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 08/08/2011 12:58:42

Isabel Sánchez Montenegro na data 08/08/2011 12:58:45



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727